INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA DURANTE O TRÁMITE DE AUDIENCIA

Na tramitación do anteproxecto de Lei de calidade alimentaria de Galicia, durante o trámite de audiencia presentaron alegacións as seguintes consellerías, organizacións e entidades:

- Consellería de Emprego e Igualdade
- Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)
- Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Agrupación de Productores de Cultivo de Carril- Villagarcía
- Denominación de Orixe Ribeira Sacra
- Consellería de Facenda e Administración Pública
- Asociación de Bodegueros Rías Baixas
- Vicepresidencia primeira (da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da DX de Relacións Institucionais e Parlamentarias
- Asociación Agraria de Galicia
- Consello Regulador da Denominación de Orixe de Monterrei.
- Asociación Clúster Alimentario de Galicia
- Consello Regulador de la D.O.P. de Mejillón de Galicia
- Presidente Provincial CSIF LUGO
- Asociación de Empresarios Bodegueros Rías Baixas
- Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia
- Consello Regulador D.O. Rías Baixas
- Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA
- Consello Regulador de la denominación de Orixe Ribeiro
- Membro do Comité Nacional de Expertos en Clasificación de Canais de Vacún e Ovino e Seguimento de Prezos

Unha vez analizadas as alegacións e observacións presentadas, pódese concluír o que segue:

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 881 996 280
agacal@xunta.gal

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1.- ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS BODEGUEROS RÍAS BAIXAS

1 Artigo 48.1.c). En síntese, a asociación alega o seguinte:

→ A lei debería contemplar un apoio na selección do xerente e na súa financiación por parte da Administración autonómica, polo menos respecto dos consellos reguladores que non teñan tamaño suficiente para poder contratalo polos seus propios medios.

Contestación: Tómase en consideración a alegación para incluír as suás consideración a través das bases reguladoras de subvencións.

No tocante ao apoio á financiación do xerente, na actualidade xa existen liñas de axuda para o funcionamento dos consellos reguladores e que poden abranguer esta cuestión. Porén entendemos que isto poderano prever as bases reguladoras destas axudas e que non resulta axeito comprometelo nunha norma con rango de lei.

O dito sen prexuízo do apoio técnico que pode dar a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) aos consellos reguladores do ámbito agroalimentario cuxo escaso volume de actividade lle dificulte inicialmente a disposición de medios persoais, técnicos e económicos adecuados, consonte co que prevé o artigo 48. 2 do anteproxecto de lei.

→Sería conveniente deixar claro o papel central do xerente na xestión dos consellos e a dependencia que ten do pleno como máximo órgano de goberno deles.

Contestación: Tómase en consideración a alegación para desenvolver a regulación das funcións do xerente.

A regulación específica das funcións do xerente na xestión dos consellos debe conterse na normativa de desenvolvemento da lei, non resultando axeitada unha norma con rango de lei para regular de forma pormenorizada estas cuestións de carácter organizativo interno, pero tomarase en consideración.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2 Artigo 52. A asociación alega o seguinte:

O obxectivo das modificacións que se propoñen o artigo 52 do anteproxecto de Lei teñen por obxecto garantir que os consellos reguladores van a cumprir as súas obrigas en materia de elaboración dos seus plans estratéxicos e de promoción, así como no que se refire as obrigas de presentación do orzamento e a memoria da actividades. Por iso se considera que o cumprimento das obrigas recollidas nos apartados f, g e h do artigo 52 debería ser requisito previo e necesario para poder acceder as axudas que concede cada ano a Consellería do Medio Rural aos Consellos Reguladores. No obstante, debería de convocarse unha nova liña de axudas específica para o financiamento da contratación dos plans estratéxicos mencionados anteriormente.

Contestación: Tómase en consideración a alegación na futura regulación das bases reguladoras das subvencións.

Os apartados f), g) e h) do artigo 52 do anetproxecto regulan a obriga dos consellos reguladores de deseñenar e presentar un plan estratéxico, un orzamento e un plan de promoción anual ou plurianual.

Na alegación presentada preténdese que na lei se regule como requisito previo e necesario para poder acceder ás axudas que concede a Consellería do Medio Rural aos consellos reguladores que estes organismos cumpran as obrigas citadas.

Os requisitos para acceder ás subvencións debe ser fixados na Orde de convocatorias destas, consonte cos postulados que contén a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que terase en conta esta alegación na tramitación das bases reguladoras correspondentes.

2.- VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Exposición de motivos. Alega que Pese a que se eliminou neste anteproxecto a disposición derradeira terceira "Rexistro Industrial de Galicia" tal e como

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

se solicitou dende esta dirección xeral, segue facéndose referencia a ela na exposición de motivos: "Asemade, a disposición derradeira terceira contén disposicións para a adaptación do Rexistro Industrial de Galicia a esta lei." Habería que eliminar esa referencia.

Contestación: Acéptase a alegación e elimínase a citada referencia.

3.- VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

Na Vicepresidencia primeira diversos centros directivos remitiron as seguintes observacións:

- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

En relación a este Anteproxecto de Lei, dende a perspectiva europea consideramos que os propoñentes deberan ponderar previamente os precedentes que anexamos:
- Decreto 111/1999, do 23 de abril, polo que se derroga o Decreto 248/1983, do 15 de decembro, polo que se crea a denominación Productos Galegos de Calidade.
- Proyecto de Ley de introducción y aplicación de una indicación para productos procedentes de la producción agrícola ecológica (Ley de la indicación ecológica – ÖkoKennzG –)*
- Anteproyecto De Ley De Promoción Y Defensa De La Calidad Agroalimentaria.

Lembramos que para o texto legal anterior (lei de 2005) a este novo houbo que afrontar as alegacións realizadas pola República Francesa.

Contestación: Acéptase a alegación. De feito xa se contempla esta tramitación na Exposición de Motivos do anteproxecto.

Así, na Exposición de Motivos do anteproxecto indícase en relación co alegado o seguinte:

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa aplicable, incluído o sometimento ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na actualidade na Directiva 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información...".
É dicir, este anteproxecto vaise someter aos mesmo trámites que os seguido na tramitación da citada Lei 2/2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria de Galicia.

-Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias:

Do texto remitido debemos ter en conta o sinalado no seu artigo 10, Adscrición e réxime xurídico e fiscal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, ao sinalar:

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á consellería competente en materia de agricultura, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.
2. O réxime xurídico interno da Axencia Galega da Calidade Alimentaria regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexerase polo dereito privado, salvo cando se exerzan potestades administrativas, nese caso rexerase polo dereito público.
3. Para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+i, a Axencia réxese, ademais, pola lexislación básica do Estado nesta materia e, en particular, pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.
4. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria gozará do tratamento fiscal aplicable á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A natureza a Axencia Galega de Calidade Alimetaría é igual á sinalada na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia para AGADER, ao sinalar (artigo 8, Réxime xurídico e fiscal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural):

1. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adscrita á consellaría competente en materia de medio rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.
2. O réxime xurídico interno da Axencia regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexerase polo dereito privado, agás cando se exerzan potestades administrativas, caso en que se rexerá polo dereito público.
3. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural gozará do tratamento fiscal aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración do Estado, non conforme con este tratamento fiscal de AGADER abriu unha Comisión Bilateral, da que formou parte a Consellería do Medio Rural, que foi pechada co seguinte acordo, en relación con este artigo 8, (DOG núm. 36, do 22 de febreiro):

II. Respecto ao artigo 8, sobre o réxime xurídico e fiscal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, en concreto no relativo ao seu punto 3, ambas as partes acordan interpretar que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural terá o mesmo tratamento que un ente análogo do sector público estatal e, en especial, non lle resultarán de aplicación os beneficios fiscais establecidos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en favor das comunidades autónomas, nin das entidades de dereito público das comunidades autónomas de carácter análogo aos organismos autónomos do Estado.

Así, en coherencia co acordado na Comisión Bilateral da Lei 11/21, debemos interpretar que o tratamento fiscal da AGACAL será o mesmo que o sinalado para AGADER, pero non o correspondente a toda a Administración Xeral da Comunidade Autónoma (como indica o texto do anteproxecto).

Contestación: Rexeítase a alegación.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O tratamento fiscal que se regula no anteproxecto de lei para AGACAL é o mesmo que o previsto para as axencias autonómicas de Galicia, sen prexuízo da previsión de AGADER, que consideramos que non debe tomarse como precedente, senón que ten un carácter residual.

4.- AGRUPACIÓN DE PRODUTORES DE CULTIVO DE CARRIL (OPP-89_Parquistas de Carril/ Organización Empresarial Parquistas de Carril)

Esta agrupación fai as seguintes observacións:

1 En el artículo 6 del Anteproyecto se enumeran las competencias que ejercerá la Consellería do Mar en el ámbito de la Lei da calidade alimentaria de Galicia, y en su apartado f) se establece:

f) Fomento das denominacións de orixe e distintivos de calidade no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

No deberían omitirse distintivos de calidad y, en lo que se refiere a las denominaciones geográficas de calidad, deben mencionarse también las "indicacións xeográficas protexidas", y no exclusivamente las "denominacións de orixe".

Sería más riguroso que dicho precepto estableciese:

f) Fomento das denominacións de orixe, indicacións xeográficas e distintivos de calidade no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

O bien:

f) Fomento das denominacións xeográficas e distintivos de calidade no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

Contestación: Acéptase a alegación.

O espírito do apartado f) do artigo 6 do anteproxecto da Lei de calidade alimentaria de Galega é que a Consellería do Mar ostente a competencia do fomento das distintas figuras de protección da calidade diferenciada que se desenvolven no título III deste anteproxecto de lei.

Polo tanto, e para os efectos de darlle mais claridade á redacción e axustala á finalidade pretendida cabe estimar a alegación presentada e proponse como nova redacción a este apartado f) do artigo 6 a seguinte:

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

f) Fomento das figuras de protección da calidade diferenciada no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

2 "La regulación de los "nomes protexidos" de los artículos 30 y siguientes puede entrar en colisión con el derecho preexistente de algún particular que tuviere registrado un nombre comercial o una marca que coincida con un posterior "nombre protegido", por lo que debería resolverse esa problemática en la Ley, y no diferir dicha cuestión a un posterior desarrollo reglamentario. "

Contestación: Rexeítase a alegación.

A cuestión suscitada xa está resolta pola diferente normativa europea sobre indicacións xeográficas de produtos alimentarios (R(UE) 1151/2012), de viños (R(UE)1308/2013) e de bebidas espirituosas (R (UE) 2019/787). Así, o Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de noviembre de 2012 sobre os rexímenes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, cuxo artigo 6.4 prevé:

"Os nomes que se propoñan para o seu rexistro como denominacións de orixe ou indicacións xeográficas non poderán rexistrarse cando, á vista da reputación e notoriedade dunha marca e do tempo durante o que esta se veu utilizando, devandito rexistro poida inducir a erro ao consumidor en canto á verdadeira identidade do produto".

No mesmo sentido pronúnciase o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os Regulamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007, artigo 101.2:
"2. Unha denominación non poderá protexerse como denominación de orixe ou indicación xeográfica cando, tendo en conta da reputación e notoriedade dunha marca rexistrada, a súa protección poida inducir a erro ao consumidor en canto á verdadeira identidade do viño".
E tamén o Regulamento 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de abril de 2019 sobre a definición, designación, presentación e etiquetaxe das bebidas espirituosas, a utilización dos nomes das bebidas espirituosas

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

na presentación e etiquetaxe doutros produtos alimenticios, a protección das indicacións xeográficas das bebidas espirituosas e a utilización de alcol etílico e destilados de orixe agrícola nas bebidas alcohólicas, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 110/2008, que regula como motivos de oposición no seu artigo 28.1.c) o seguinte:

"c) o rexistro da indicación xeográfica proposta poría en perigo a existencia dun nome total ou parcialmente homónimo ou dunha marca ou a existencia de produtos que fosen comercializados legalmente durante polo menos os cinco anos anteriores á data de publicación prevista no artigo 26, apartado 2".

Tendo en conta toda a normativa citada non existe perigo de colisión e, de existir, estaría resolta por ela.

3 En los artículos 46 y siguientes se prevé la posibilidad de que la Consellería competente delegue las funciones de gestión de las figuras de protección de la calidad diferenciada, en el caso de las denominaciones geográficas de calidad, en los consejos reguladores.
El artículo 61 contempla y regula la posibilidad de que no se constituya un consejo regulador pero se constituyan asociaciones sectoriales para el fomento y defensa de la figura de protección de la calidad diferenciada.
Polo tanto podería considerarse a posibilidade de que se atribúan esas funcións delegadas de xestión tamén ás asociacións sectoriais.

Contestación: Non se acepta a alegación.

A razón disto é que a delegación nos consellos reguladores ten o seu fundamento en que estes dispoñen da natureza de corporacións de dereito público e neles están inscritos todos as persoas operadoras. Pola contra, as asociacións sectoriais, aínda que fomentan a participación do sector e efectúan unha función de interlocución coa administración, non dispoñen de tal natureza, nin teñen porque estar asociados a elas todas as persoas operadoras, polo que non son representativas de todo o sector nin se lles poden esixir os requisitos que se lles esixen aos consellos reguladores. O cumprimento deses requisitos e o que permite delegar a xestión da denominación nos consellos reguladores.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

5.- CONSELLO REGULADOR DE DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRA SACRA

Alega que na Exposición de Motivos da Lei quede referenciado que o viño é un alimento.

Contestación: Acéptase a alegación, incluíndo unha nova definición de viño no artigo 4 de definicións.

Independentemente de que na Exposición de motivos do anteproxecto xa se lle concede ao viño a consideración de alimento ao incluílo na referencia da Dieta Atlántica, tamén se redacta unha nova definición de viño no artigo 4 na que se cualifica expresamente como alimento, tal e como se indica a conitinuación:

"ll) Viño: alimento obtido exclusivamente por fermentación alcohólica, total ou parcial, de uva fresca, estrullada ou non, ou de mosto de uva".

6.- CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1 Artigo 26 bis:
Que a coexistencia da marca de garantía do artigo 26 bis, que regula unha marca para a garantía dos produtos agroalimentarios sustentables pode xerar riscos de confusión coa marca regulada no artigo 44 para o consumidor final e que podería valorarse que o cumprimento destes requisitos de sustentabilidade formen parte do contido dos pregos que regulan a concesión de licencias para o uso da marca de garantía Galicia Calidade.

Contestación: Rexeítase a alegación.

O referido artigo 26 bis (que agora pasou a denominarse 27) e o artigo 44 son artigos que conteñen unha regulación diferente e compatible.
Regulan cuestións distintas.
O artigo 27 regula un sistema de certificación baseado na sustentabilidade, mentres que o artigo 44 regula a posibilidade de rexistrar marcas de garantía que garantan unhas características específicas e unha calidade do

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

produto final que exceda a calidade estándar do tipo de produto de que se trate.
Non obstante o anterior, nun futuro se pode contemplar a sustentabilidade como un elemento máis a considerar nas marcas de garantía que regula o artigo 44 do anteproxecto.

2 Artigo 44. Marca de garantía para a promoción da produción alimentaria de calidade de Galicia.

Que parece innecesario o novo precepto, que contempla expresamente a posibilidade de conceder licencias de uso de marca de garantía (se sobreentende Galicia Calidade)a produtos non agroalimentarios, en canto non contempla a realidade de todas as empresas licenciatarias de Galicia Calidade e, en todo caso, a súa regulación excede da propia dunha lei de calidade alimentaria.

Contestación: Acéptase a alegación. De feito na actual versión do anteproxecto xa non se inclúe esta regulación. Eliminouse o parágrafo 3 do artigo 44, que só estará integrado polos parágrafos 1 e 2.

7.- CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS

(Márcanse en vermello as suxestións aos artigos que presenta o Consello Regulador, tal e como fai o consello no seu escrito)

Exposición de motivos:

1 Exposición de motivos. Dieta Atlántica:

Proposta: Ademais, estas materias primas e esa cultura culinaria son a base do que xa se coñece como "Dieta atlántica", que dá un papel principal a peixes e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo ~~moderado~~ responsable de carne e viño. Esta dieta contén todos os ingredientes necesarios para unha alimentación saudable.

Contestación: Rexéitase a alegación

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O texto que se contén na Exposición de Motivos do anteproxecto toumouse da Fundación da Dieta Atlántica, da súa páxina web (https://fundaciondietatlantica.com/), e ven a resumir o que nela se indica.
Non parece procedente o cambio solicitado xa que a lei ten que encontrar un equilibrio entre os intereses do sector vitivinícola e as recomendacións das autoridades sanitarias. Parece máis axeitado -no contexto no que aparece- a expresión "consumo moderado" que a proposta, "consumo responsable", xa que se está a referir tamén ao consumo de carne. Cando se fala de "consumo responsable" de bebidas alcohólicas estanse a ter en conta outras cuestións ademais das sanitarias, como a relativa ao momento do consumo: cando se vai a conducir ou cando se van realizar actividades que poidan supoñer riscos para a persoa consumidora ou para terceiras persoas.

A maior abastamento, a subxectividade que se alega en relación ao termo 'moderado' é tamén aplicable ao termo 'responsable'.

2 Exposición de motivos. (Engadir o que está en vermello): Certamente, a calidade e a diversidade da produción alimentaria de Galicia constitúe un dos seus principais activos, o que contribúe non só a engrandecer o noso patrimonio cultural e gastronómico, senón que permite ofrecer unha vantaxe competitiva ás persoas operadoras alimentarias, e proxecta unha imaxe moderna e dinámica do rural galego.

Contestación: Acéptase a alegación e engádese a palabra 'dinámica' tamén.

3 Exposición de motivos. Neste contexto adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras ~~recoñecer~~ identificar os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza así como asegurar rendas dignas aos produtores e produtoras que compensen o seu esforzo.

Contestación: Acéptase a alegación.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4 Artigo 1. Obxecto
a) Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados, transformados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

Contestación: Acéptase a alegación.

Modifícase a definición de "transformación alimentaria" que regula o artigo 4.ii) e nela se inclúe o termo "elaboración", dado que son termos sinónimos. Isto evita a necesidade de modificar o artigo 1 para evitar redundancias contrarias ás normas técnica normativa.

5 Artigo 2. Ámbito de aplicación
1. Esta lei aplícase á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conformidade dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias.

Contestación: Acéptase a alegación, no mesmo sentido que o xa expresza na alegación anterior.

6 a) Alimento ou produto alimentario: segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, é calquera substancia ou produto destinados a ser inxeridos polos seres humanos ou con probabilidade razoable de selo, tanto se foron transformados enteira ou parcialmente coma se non. Inclúe as bebidas, as bebidas fermentadas como o viño, a goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Acéptase a alegación, incluíndo unha nova definición de viño no artigo 4 de definicións.

Independentemente de que na Exposición de motivos do anteproxecto xa se lle concede ao viño a consideración de alimento ao incluílo na referencia da Dieta Atlántica, tamén se redacta unha nova definición de viño no artigo 4 na que se cualifica expresamente como alimento, tal e como se indica a conitinuación:

"ll) Viño: alimento obtido exclusivamente por fermentación alcohólica, total ou parcial, de uva fresca, estrullada ou non, ou de mosto de uva".

7 Artigo 4. Definicións Xerais
w) Entidades de control e certificación: organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizar o control dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización e das características específicas que definen un produto alimentario amparado por unha figura de protección da calidade diferenciada. Inclúense as entidades que certifican mencións voluntarias reguladas polas administracións públicas e baseadas nun prego de condicións ou documentoequivalente. Os Consellos Reguladores en ningún caso son entidades de control e certificación a los efectos de esta Lei.

Contestación: Acéptase a alegación.

No tocante á parte final, relativa á aclaración afectante aos consellos reguladores, indicarase na lei: "Para os efectos deste lei baixo está definición non se atopan os consellos reguladores".

8 Artigo 4. Definicións xerais
o) Comercialización: a posesión, tenencia, almacenaxe, despacho ou depósito de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción, elaboración e a distribución co obxectivo de vendelos, de ofrecelos á venda ou de sometelos a calquera outra forma de transferencia ou cesión, gratuíta ou non.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Acéptase a alegación no tocante á referencia de despacho.

Así o novo contido do termo "Comercialización" é: "a posesión, tenencia, almacenamento ou depósito de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias co obxectivo de vendelos, de despachalos, de ofrecelos á venda ou de sometelos a calquera outra forma de transferencia ou cesión, gratuíta ou non".

Non se inclúe na definición de "comercialización" o termo "elaboración" porque afectaría á defición da letra bb) do artigo 4 relativa ás "materias e elementos para a produción e comercialización alimetarias".

9 Artigo 4. mm) Verificación de la Aptitud: cotejar, confirmar y otorgar validez a un producto previamente calificado como favorablemente por un operador.

Contestación: Acéptase a alegación.

Inclúese o termo "verificación de aptitud" en consonancia coa modificación que se efectúa do artigo 43.1.f) do anteproxecto, no que se inclúe este termo, polo que adquire sentido a súa definición.

10 Artigo 4. nn) Fermentación: proceso natural por el que una sustancia orgánica se transforma en otra, generalmente más simple, por la acción de un fermento.

Contestación: Rexeitase a alegación.

En todo o texto do anteproxecto non se emprega o termo "fermentación", polo que é contrario á tecnica normativa definir para os efectos da aplicación da lei un concepto ou termo que non se vai mencionar nela.

11 Artigo 4. oo) Manual de Calidad: documento que guía las acciones a seguir por un Consejo Regulador, establece el alcance de los objetivos que persigue y define las medidas de control que se van a implementar para llevar a cabo la certificación de un producto.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Rexeitase a alegación.

Non é preciso definir nese artigo o termo de "Manual de Calidade", porque o Manual xa se define no artigo 83.2 do anteproxecto, que está específicamente destinado a este materia.

12 Artigo 8. Obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
A Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:
e) Fomentar la identificación y recuperación de razas y variedades agronómicas autóctonas de Galicia

Contestación: Acéptase a alegación.

Procedemos á súa inclusión no artigo 9.3 do anteproxecto.

13 Artigo 9. Funcións da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de calidade alimentaria
d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da calidade alimentaria diferenciada, sin interferir ni limitar la actuación particular de cada Consejo Regulador.

Contestación: Rexeitase a alegación.

Rexéitase a alegación. O artigo 52.f) do anteproxecto regula de forma axeitada entre as obrigas dos consellos reguladores a seguinte, que é conforme coa súa propia natureza e razón de ser: "f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria". É dicir, aos consellos reguladores se lles atribúe unha función de planificación estratéxica, isto sen prexuízo das competencias e o obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, previstas no artigo 8 do anteproxecto.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

14 Artigo 13.7) As funcións da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada son:
p) Encargar la contratación de informes y estudios de mercado.

Contestación: Acéptase a alegación.

A Mesa da Calidade Diferenciada ten por función orientar aos consellos reguladores sobre as estratexias comunes. É un órgano consultivo de debate. Por isto, para dar acollida a alegación presentada engadirase a seguinte función:

"o) Promover a contratación de estudos de mercado co fin de coñecer o posicionamento dos produtos nos mercados cando afecten a máis dunha figura de protección da calidade diferenciada.".

(Advírtese que na actual redacción do artigo 13.7 esta previsión contense na letra o).

15 Artigo 16.2.c) Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias
c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos, sociais ou de imagen do sector alimentario.

Contestación: Acéptase a alegación.

Porén alteramos a orde da redacción da seguinte forma:

c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a imaxe ou a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos ou sociais do sector alimentario.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

16 Artigo 17. Sistema de autocontrol
7 A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo o que, por el hecho de estar acogido a una figura de calidad, el manual de producto permita otros plazos.

Contestación: Acéptase a alegación, pero coa seguinte redacción:

"7 A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo ou que, polo feito de estar acollido a unha figura de protección de calidade diferenciada o seu manual de calidade permita outros prazos".

17 Artigo 20. Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de productos
3. No suposto de produtos a granel, as persoas operadoras están obrigadas a identificar os depósitos, silos, contedores ou calquera outro tipo de envase que os conteña. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcado único, visible, lexible, indeleble e inequívoco, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros aos que fai referencia o artigo 22 e, se procede, coa documentación descritiva dos produtos, sen prexuízo doutras disposicións adicionais que estableza a normativa
Este apartado requiere una reflexión. En el supuesto de las bodegas, habría que pensar en un parque de barricas o en graneles de vino fermentando en recipientes pequeños (tinajas). Valorar la posibilidad de no tener que identificar los depósitos, barricas, tinajas, etc. uno a uno, sino en la cabecera de las filas.

Contestación: Acéptase a alegación, pero coa seguinte redacción:

Artigo 20. Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de produtos 3. No suposto de produtos a granel, as persoas operadoras es-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

tán obrigadas a identificar os depósitos, silos, contedores ou calquera outro tipo de envase que os conteña, agás que a normativa sectorial especifica permita ou esixa outra forma ou tipo de identificación. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcado único, visible, lexible, indeleble e inequívoco, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros aos que fai referencia o artigo 22 e, se procede, coa documentación descritiva dos produtos, sen prexuízo doutras disposición adicionais que estableza a normativa específica.

18 Artigo 29. Ámbito
3. As zonas de produción, elaboración e, de ser o caso, de maduración, de envellecemento, envasado ou a relativa a outras operacións posteriores á elaboración dos produtos amparados por cada denominación xeográfica de calidade, deben delimitarse no prego de condicións, de acordo cos criterios agronómicos, climáticos, ambientais e humanos que correspondan.

Contestación: Acéptase a alegación.

A regra xeral é que o envasado non se realice obrigatoriamente na zona de produción. Se se vai a envasar en orixe se ten que xustificar no prego de condicións.

19 Artigo 30. Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos
2. Calquera persoa física ou xurídica previamente inscrita en los registros de un Consejo Regulador poderá facer uso dos nomes protexidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións y el Manual de Calidad (de ser el caso) salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.

Contestación: Acéptase a alegación de forma parcial.

Para maior claridade incluirase a seguinte regulación:

Artigo 30. Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos
2. Calquera persoa física ou xurídica previamente inscrita nos rexistros da correspondente denominación xeográfica poderá facer uso dos nomes pro-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

texidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións, salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.

20 Artigo 37. Réxime xurídico
3. Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha denominación xeográfica de calidade coa que se puidesen confundir, a norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse.
Este Consejo Regulador muestra sus reticencias a que se desarrolle una normativa técnica específica para los vinos artesanos, aunque estén amparados por una Denominación de Origen, dado que todos los vinos, con independencia del tamaño de la bodega, se elaboran siguiendo idénticas pautas y técnicas artesanales.
Diferenciar vinos artesanos del resto de vinos, puede menoscabar la imagen de los últimos presentándolos ante los consumidores como elaboraciones poco cuidadas e industriales.
Por esta razón, proponemos que se desvincule cualquier Consejo Regulador y las autoridades competentes datos de su actividad para la elaboración de estadísticas y estudios económicos, pero proponemos que se especifique más qué datos se requerirán, o bien que se simplifique este apartado y se detalle y especifiquen en el desarrollo normativo.

Contestación: Acéptase a alegación, tomando nota para o futuro, pero para regular nun momento posterior, mediante a modificación do decreto.

A regulación do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria permite que o viño sexa artesanal. Non obstante para facer efectiva esta previsión é preciso elaborar e aprobar unha norma técnica. A materialización desta posibilidade non é obxecto de actual debate.
Ademais o propio decreto de artesanía permite actualizar o anexo que regule esa facultade de que o viño poida ter unha natureza artesanal. A actualización do anexo pode producirse en calquera sentido. É dicir, pode implicar tanto a ampliación de produtos, como a súa eliminación, no sentido propugnado na alegación.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

21 Artigo 38. Produtos artesáns de montaña e caseiros
Las mismas reticencias mostradas para los vinos artesanos se muestran para los vinos "caseiros". Tal y como se describen en la presente Ley, entrarían en colisión con los "vinos de cosechero", que también los elaboran a partir de uvas procedentes de su propia explotación.
Proponemos que no se desarrolle una normativa técnica específica para los vinos dentro del apartado "artesans o caseiros" y, si así estuvieran recogidos en algún reglamento, dado que no tienen recorrido, se supriman del mismo.
Además, entendemos que términos o definiciones que nos están recogidos en la norma europea pueden llevar a conflictos entre operadores y confusión en los consumidores.

Contestación: Acéptase a alegación. Co exposto no punto anterior queda contestada esta alegación.

22 TÍTULO III. FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA DIFERENCIADA E PROMOCIÓN DE MARCAS DE GARANTÍA
CAPÍTULO VII. OBRIGAS DAS PERSOAS OPERADORAS ALIMENTARIAS RELACIONADAS COA PRODUCIÓN, ELABORACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DAS FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE DIFERENCIADA
Artículos 43, 43.1) y 43.1.f) para mantener la coherencia con el encabezamiento de este capítulo, se propone incluir en la redacción de estos apartados el término "elaboración" acompañando a producción y comercialización.
"producción, elaboración e comercialización"

Contestación: Considérase axeitada a alegación.

Modifícase o enunciado do artigo 43, que queda redactado do seguinte xeito: "Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción, elaboración e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada".

No apartado 1 do artigo 43 tamén se inclúe a referencia ao termo "elaboración".

Non obstante, esta referencia non se inclúe no artigo 43.1.f). porque resulta máis axeitada a mención do concepto "materias e elementos para a produ-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ción e comercialización alimentarias", que se tiña definido previamente no artigo 4.bb).

22 Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:
f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control ou ~~ensaio~~ verificación de la aptitud sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren, distribúan ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou materias e elementos para a produción, elaboración e a comercialización que utilicen.

Contestación: Acéptase a alegación.

No tocante á inclusión na letra f) do artigo 43.1 da "verificación da aptitude" acéptase a alegación. Non obstante debe manterse tamén o termo de ensaio, porque é preciso para outras actuacións de control oficial, polo que o artigo 43.1.f) quedaría redactado do seguinte xeito:

"f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control, ensaio ou verificación de aptitude sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou outras materias e elementos para a produción e a comercialización que utilicen".

Nesta redacción final non se inclúe o termo "elaboración" porque resulta máis axeitado empregar o concepto de "materias e elementos para a produción e a comercialización", que se define no anteproxecto.

23 Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

m) Colaborar cos consellos reguladores e coas autoridades competentes achegando ~~os~~ datos ~~da súa actividade~~ necesarios para a elaboración das estatísticas e os estudos económicos da figura de protección da calidade diferenciada. Estes datos serán tratados de xeito confidencial e, de seren publicados, o serán de forma agregada, para evitar dar información empresarial individual. As persoas operadoras están obrigadas a achegar datos fiables, presumíndose que o son os sustentados en declaracións fiscais.

Contestación: Rexéitase a alegación. Tal e como está redactado queda claro que se precisa a información para a elaboración de estatísticas. Non se encontra unha razón para cambiar a redacción orixinal, dado que de atenderse á alegación presentada o artigo aínda sería máis xenérico, polo que sería contraditorio coa argumentación aducida.

24 Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:
i) Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, ~~polo menos quince días~~ antes da súa posta en circulación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión.

Contestación: Acéptase a alegación.

O artigo 43.1.i) redáctase do seguinte xeito:

"Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, con antelación á súa posta en circulación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión".

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

25 Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
2. Para poder comercializar y/o publicitar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada.

Contestación: Acéptase a alegación.

Quedará redactado da seguinte forma:

"Para poder comercializar, promocionar ou publicitar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada sempre que a dita normativa recolla esa obriga para esas persoas operadoras. Así mesmo, deberán ter vixente o certificado de conformidade correspondente, agás que o produto xa estivese preparado para a comercialización con anterioridade á perda de vixencia e fose conforme coa normativa.".

26 Artigo 47. Natureza dos consellos reguladores
Algunos vocales del Consejo Regulador se interesan por saber si, con esta Ley, sería posible constituir entes de naturaleza jurídica privada, que integren organizaciones representativas de un sector, y se organicen como interprofesión para la difusión y promoción de los productos amparados por una Denominación de Origen.

Contestación: Esta alegación non contén unha proposta concreta, pero será obxecto do debido análise.

27 Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores
c) Denunciar ante as autoridades competentes as irregularidades detectadas na produción, elaboración e comercialización que afecten gravemente á figura de protección da calidade diferenciada e colaborar coas devanditas autoridades.

Contestación: Acéptase a alegación, incluíndo termo "elaboración".

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

28 Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores
h) Deseñar e presentar ante a consellería competente e con antelación suficiente ao seu inicio un plan de promoción anual ou pluriaanul da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, no que se detallen os obxectivos a perseguir no período ao que se refira e a estratexia e as accións deseñadas para acadalos. Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Contestación: Acéptase a alegación, no sentido de tomala en consideración no momento de elaboración das bases reguladoras correspondentes.

29 Artigo 67. Control oficial
2. Este título aplicarase a todas as actuacións de control que, en materia de calidade e conformidade dos produtos alimentarios, se realicen nas etapas de produción, transformación, transporte, distribución e comercialización dos ditos produtos e das materias e elementos para a produción, elaboración e comercialización alimentarias que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Contestación: Acéptase a alegación.

Modifícase o artigo 4.ii) para incluír dentro do termo "transformación (alimentaria) ambos termos de 'elaboración' e 'transformación', que son sinónimos.
Algo similar sucede cos termos 'distribución' e 'comercialización', dado que a distribución constitúe unha forma de comercialización conforme se recolle na definición da letra l) do artigo 4 do anteproxecto.

30 Artigo 74. Métodos de analise e laboratorios
Os métodos de análise, ensaio físico químico e diagnóstico de laboratorio deben cumprir a normativa da Unión Europea. No seu defecto, e en función da súa idoneidade para as súas necesidades específicas de análise, ensaio e diagnóstico, os laboratorios empregarán un dos seguintes métodos

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

<u>Contestación</u>: Rexéitase a alegación.

A concreción que se propón sobre o tipo de ensaio que abrangue o artigo non mingua a esixencia de cumprir a normativa europea. Esta é unha esixencia xeral, polo que non se atopa argumentación ningunha que sustente esta inclusión.

31 Artigo 89. Función inspectora
3. A actuación inspectora levarase a cabo: g) Por petición de un Consejo Regulador, cuando detecte una no conformidad grave o muy grave que pueda ser constitutiva de infracción.

<u>Contestación</u>: Acéptase a alegación

Inclúese a proposta no parágrafo d) do artigo 89.3, que queda redactado da seguinte forma:

"d) Por petición razoada doutros órganos administrativos ou dun consello regulador".

8.- DIRECCIÓN XERAL DA SAÚDE PÚBLICA

1 Artigo 4 apartados b), c) e d)

As definicións deberían aliñarse coas definicións que marcan os artigos 34 e 35, o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

<u>Contestación</u>: Acéptase. Vaise modificar a redacción deses apartados e doutros afectados tanto polo regulamento europeo, como pola normativa estatal de desenvolvemento, que se encontra agora mesmo en fase de borrador para alegacións.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Elimínanse do anteproxecto as definicións de análise inicial, contraditoria e dirimente, que xa non teñen razón de ser e efectúanse os correspondentes cambios nos Capítulo II do título VI.

2 Artigo 12 punto 2 apartado a)

Deberíase neste apartado, e nos que aparezan os termos, "materia alimentaria" reemplazalo polo termo "materia de calidade alimentaria" (xa que a materia alimentaria pode se calidade ou seguridade alimentaria).

Onde dí "a) Asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia alimentaria" .
Debería dicir "a) Asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia de calidade alimentaria".

Contestación: Rexéitase a alegación.

Considérase axeitada a expresión "alimentaria" que se emprega no anteproxecto en lugar da de "calidade alimentaria". A razón disto é que a expresión "alimentaria" é máis ampla e ten mellor encaixe coas funcións que desenvolve o Consello Alimentario de Galicia, que poden ser máis amplas que as estritamente de calidade alimentaria. Téñase en conta tanto a composición do Consello, como os coñecementos que dispoñen os seus membros na materia alimentaria en sentido amplo.

3 Artigo 19 Trazabilidade

O concepto da trazabilidade merece un capítulo específico, xa que tanto os artigos 19, como do 20 ao 24 abarcan aspectos relativos á trazabilidade.

Contestación: Rexéitase a alegación.

Os artigos que se están a citar nas alegacións non son exclusivamente relativos á materia de trazabilidade. Inclúen máis elementos que sí encaixan no Capítulo II, baixo o título de "Obrigas dos operadores e operadoras para a aseguranza da calidade alimentaria", polo que o encaixe actual deses artigos e a titulación do capítulo que os recolle consideránse axeitados.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4 Artigo 23 punto 3 apartados e) (páxina 28)

Na destrución dos produtos alimenticios, deberíase ter en conta ademais da Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia a lexislación de aplicación de SANDACH xa que algúns produtos poderían ser de orixe animal e a súa xestión non está regulada pola antedita Lei 6/2021.

Contestación: Acéptase a alegación.

Convén ter en conta o Regulamento 1069/2009, o Regulamento 142/2011, así como o Real decreto 1528/2012 nesta materia.

9.- CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Que se inclúan no artigo 1 ou no artigo 3, onde se regulan os fins, o que segue:

"Fomentar e potenciar as entidades de economía social que elaboren, produzan ou comercialicen alimentos de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia".

Contestación: Acéptase a introducción desta previsión, e inclúese na letra i) do artigo 3, para completar o seu contido.

10.- CUESTIÓN AUTOORGANIZATIVA PROPIA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Na versión inicial do anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia previíase no artigo 9, entre as funcións da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural, a realización das "actuacións relacionadas coa defensa contra as fraudes e os incumprimentos na calidade alimentaria, así como as relativas á coordinación, control de calidade e unidade de criterio dos traballos do persoal que realiza funcións de inspección nesta materia. En particular, correspóndenlle as actuacións referentes á execución do Programa Nacional

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de Control Oficial da Calidade Alimentaria ou instrumento análogo que se estableza no futuro".

Non obstante, á vista da actual regulación do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, moi recentemente modificado polos Decretos 46/2022, do 21 de abril e 109/2022, do 16 de xuño, a competencia relativa á defensa contra as fraudes na calidade alimentaria, así como as relativas á coordinación dos traballos de persoal que realiza funcións de inspección nesta materia corresponde ao Servizo de Control da Calidade Alimentaria, dependente da Subdirección Xeral da Cadea e Industrias Agroalimentarias (artigo 20 do decreto de estrutura) e non á Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Por isto, e en aras dunha adecuación deste anteproxecto de lei á regulación derivada da potestade autoorganizativa da Comunidade Autónoma de Galicia, procede modificar a atribución competencial destas materias, regulada nos artigos 5 e 9 do anteproxecto, trasladando desde a Axencia á Consellería do Medio Rural as competencias de defensa contra as fraudes na calidade alimentaria e coordinación da inspección.

11.- MEMBRO DO COMITÉ NACIONAL DE EXPERTOS EN CLASIFICACIÓN DE CANAIS DE VACÚN E OVINO E SEGUIMENTO DE PREZOS

Exposición de motivos

No anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia soamente podemos atopar unha referencia ao control da calidade da clasificación no artigo 107:
Infraccións leves 3. d) A concorrencia de erros reiterados á hora de determinar o peso ou a clasificación da canal, entendéndose como tal cando afecten a todas as canais inspeccionadas.

Segundo a experiencia obtida como inspector de clasificación de canais de vacún nos matadoiros de Galicia, así como a obtida en diversas visitas a matadoiros fóra da nosa comunidade ou fora do estado, e a experiencia doutr@s insptector@s, que os erros de clasificación afecten a todas as canais de vacún inspeccionadas é unha posibilidade moi remota, case

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

imposible, excepto que se faga de xeito intencionado. Podo dicir que non teño coñecemento de que algunha vez fose detectado un erro en todas as canais inspeccionadas.

O anteproxecto non define o que é un erro na clasificación. A valoración dos erros ven regulada no anexo V do Real Decreto 815/2018, modificado polo Real Decreto 145/2021, sendo algúns erros aceptables e outros non aceptables, polo que cabe pensar que a infracción se producirá cando se cometan eses erros establecidos pola norma como "non aceptables". De feito o Anexo enumera exactamente "Os criterios mínimos de aceptabilidade".

Si que é posible que tódalas canais poidan estar clasificadas erroneamente no caso do porcino se o sistema de clasificación automático non é axeitado, polo que no parece ser necesario modificar o artigo mencionado.

A regulamentación nacional tamén proporciona a posibilidade da retirada da autorización d@ clasificad@r no caso de desvíos na súa clasificación non admisibles, pero esa medida parece insuficiente para resolver un problema de clasificación incorrecta nun matadoiro na que poida haber unha intencionalidade na clasificación incorrecta das canais de vacún por diversos motivos(prezo, certificación IXP, etc)

Artículo 20. Medidas a adoptar en caso de irregularidades y corrección de deficiencias.

Sin perjuicio de lo que establece el artículo 4 del Reglamento de Ejecución, en el caso de que, como resultado de una inspección, se observare un número significativo de clasificaciones incorrectas, la autoridad competente valorará, en función del análisis de riesgo, la posibilidad de aumentar el número de canales a examinar y la frecuencia de los controles, o de aplicar otras medidas adicionales que considere oportunas, como la inmovilización cautelar de las canales hasta que no sean subsanadas las deficiencias o la retirada de la autorización del clasificador, sin perjuicio de las sanciones que procedan de acuerdo con el artículo 21.

Artículo 21. Régimen sancionador en materia de clasificación, pesaje y marcado de canales.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

El régimen de infracciones y sanciones será el establecido en el Real Decreto 1945/1983, de 22 de junio, por el que se regulan las infracciones y sanciones en materia de defensa del consumidor y de la producción agroalimentaria, y en el artículo 49.f) del texto refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre, así como lo previsto en la disposición adicional primera en cuanto a la cuantía de las sanciones y las sanciones accesorias, de la Ley 28/2015, de 30 de julio, para la defensa de la calidad alimentaria, salvo en las comunidades autónomas que dispongan de régimen sancionador específico, en las que se aplicará dicho régimen.

Petición

Ampliar o artigo 107.3.d para que poida ser reflectida a normativa nacional que valora a calidade da clasificación de xeito específico para o gando vacún, sendo unha falta leve o non cumprimento dos criterios mínimos de aceptabilidade establecidos na normativa nacional que regula a clasificación das canais de vacún.

Contestación: Acéptase a alegación.

Inclúese no anteproxecto unha nova infracción que resulte axeitada aos canais de vacún coa redacción proposta na alegación, que é a seguinte:
"No caso da clasificación de canais de vacún, o incumprimento dos criterios mínimos de aceptabilidade establecidos na normativa nacional de aplicación.".

12.- CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO

1 Alegacións de Andrés Rodríguez Gómez, viticultor e vogal do consello regulador en representación da Cooperativa do Ribeiro.

— Que a lei ven a coartar a autonomía dos consellos reguladores.

- Manifféstanse en contra de que as decisións estratéxicas deixen de estar en mans dos consellos reguladores.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Rexéitase a alegación.

O artigo 52.f) do anteproxecto regula de forma axeitada entre as obrigas dos consellos reguladores a seguinte, que é conforme coa súa propia natureza e razón de ser: "f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria". É dicir, aos consellos reguladores se lles atribúe unha función de planificación estratéxica, isto sen prexuízo das competencias e o obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, previstas no artigo 8 do anteproxecto.

- As funcións de control polo CR deben ser obrigatorias para el e non delegadas pola consellería.

Contestación: Rexéitase a alegación

O artigo 9.2 do anteproxecto regula unha función esencial de control de que dispón a AGACAL da seguinte forma: "No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia". Esta función non se pode obviar. O dito sen prexuízo de recoller no anteproxecto, tal e como xa se fai, a facultade delegar o control en organismos, como o consello regulador, que é un organismo delegado, consonte co que prevé o Regulamento 625/2017 Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 999/2001, (CE) nº 396/2005, (CE) nº 1069/2009, (CE) nº 1107/2009, (UE) nº 1151/2012, (UE) nº 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os Regulamentos (CE) nº 1/2005 e (CE) nº 1099/2009 do Consello, e as Directivas 98/58/CE, 1999/ 74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 854/2004 e (CE)

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as Directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).

No seu considerando 46 o anteproxecto establece o seguinte:
"(46)
Las autoridades competentes deben poder delegar algunas de sus funciones en otros organismos".

O artigo 2 (Controis oficiais e outras actividades oficiais) do anteproxecto prevé:
"1. Para os efectos do presente Regulamento entenderase por «controis oficiais» as actividades realizadas polas autoridades competentes ou polos organismos delegados ou as persoas físicas nas que se delegaron determinadas funcións de control oficial de conformidade co presente Regulamento para comprobar (...):"

- As funcións de promoción deben residir na DO.

Contestación: Rexéitase a alegación

O artigo 9.2 do anteproxecto regula unha función esencial de control de que dispón a AGACAL da seguinte forma: "No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia". Esta función non se pode obviar.
Se prexuízo disto os consellos reguladores dispoñen dunha importante función de promoción e reciben subvencións da Administración para o seu desenvolvemento.
O artigo 52.3.c) do anteproxecto xa recolle esta función de xestión dos consellos reguladores da seguinte forma:
"c) Realizar actividades promocionais no marco do correspondente plan de promoción, informando ás persoas consumidoras sobre o produto e, en particular, sobre as súas características específicas de calidade".
Non obstante o anterior, non se pode obviar que a meirande parte das contías que invirten en promoción proceden de fondos públicos.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Non pode haber produtores/produtos cunha denominación ou selo distinto que o resto, por fora dos regulamentos da DO.

Contestación: Rexéitase a alegación

As DOs e IXP gozan dunha protección, prestixio e amparo que non se ve alterada pola regulación dun certificado de sustentabilidade dos produtos ou pola regulación de marcas de garantía, xa que abranguen cuestións e ámbitos diversos.

- A lei di que se reformulen os Estatutos establecen uns requisitos mínimos que non se concretan. Estes requisitos deben concretarse. Ademais esa previsión paralizaría a actividade dos Consellos Reguladores.

Contestación: Rexéitase a alegación

O artigo 49.2 regula uns elementos mínimos que deben conter os Estatutos e o artigo 49.5 acude ao desenvolvemento regulamentario para prever e completar os requisitos mínimos que deben cumprir os estatutos dos consellos reguladores. Desde o punto de vista de técnica normativa é coherente diferir ao desenvolvemento regulamentario a regulación de certas cuestións propias dunha norma dese rango e non ofrecer unha regulación legal agotadora de toda a materia.

Por outra banda, a adecuación dos consellos reguladores ás esixencias duns novos estatutos non se produce ipso facto. A Disposición transitoria 2ª.1 prevé un lapso temporal amplo, de 3 meses desde a entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento, para a aprobación deses estatutos. Esta previsión ten por obxecto, precisamente, facilitar a adecuación dos consellos reguladores á normativa en vogr, sen paralizar a súa actividade, nin interferir negativamente nela, facilitar o tránsito ao cumprimento das novas esixencias.

Contestación:

2 Alegacións de Carlos Basalo Vidal, viticultor e vogal do consello regulador en representación de Unións Agrarias:

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Non se contén na lei referencias ás rendas de quen produce materias primas e a defensa dos seus intereses (viticultores).

Contestación: Acéptase a alegación.

Xa está regulado no anteproxecto de lei, polo que compártese o fondo desta alegación.

O artigo 3, que regula os fins da lei, contempla precisamente no seu parágrafo m) esta cuestión da seguinte forma:

"m) Valorizar a peculiaridade dos produtos agrarios tradicionais e innovadores de Galicia, fomentando os signos distintivos de orixe e calidade e o prestixio e a rendibilidade da industria alimentaria galega como instrumento básico de desenvolvemento económico no medio rural. De xeito específico, mellorar as rendas percibidas polos produtores primarios para acadar unha remuneración xusta do seu traballo".

Ademais disto, o artigo 27 crea un selo de sostibilidade económica e promove que os produtores teñan unha remuneración xusta polo seu traballo, e isto a pesar de que este contido exceda do ámbito de aplicación desta lei, xa que en realidade é máis propio doutra norma, como é a Lei 16/2021, do 14 de decembro, pola que se modifica a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

- No anteproxecto deixase clara que a Xunta quere o control dos consellos reguladores, quedando estes sen funcións.

Contestación: Rexéitase a alegación

Tal e como xa se indicou, as función de control que desenvolve a AGACAL non merman as competencias propias dos consellos reguladores.

- Que non se teñen en conta as especificacións do territorio, pero que os consellos reguladores se crean para protexer os produtos de unha zona concreta.

Contestación: Rexéitase a alegación

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non se entende que se quere modificar con esta alegación, posto que o anteproxecto xa contén unha regulación ampla dos consellos reguladores, das súas competencias e funcións.

- Que é preciso dar respaldo legal ao traballo de controis de campo.

Contestación: Rexéitase a alegación
O anteproxecto xa da un respaldo legal ao traballo de control de campo. Destina todo o título VII a Inspección e réxime sancionador e, dentro deste, o Capítulo I, de forma específica, á Inspección e controis.

3 Alegacións de Antonio Muñoz González, en representación de Bodega Alanís, que é vogal do censo de adegas de máis de 400.000 litros:

- Que no proxecto atribúese aos consellos reguladores a posibilidade e non a obriga -como ata o de agora- de realizar funcións delegadas, o que non mellora o funcionamento e eficacia.

Contestación: Rexéitase a alegación

O artigo 9.2 do anteproxecto regula unha función esencial de control de que dispón a AGACAL da seguinte forma: "No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia". Esta función non se pode obviar. O dito sen prexuízo de recoller no anteproxecto, tal e como se fai, a facultade delegar o control en organismos, como o consello regulador, que é un organismo delegado, consonte co que prevé o Regulamento 625/2017 Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 999/2001, (CE) nº 396/2005, (CE) nº 1069/2009, (CE) nº 1107/2009, (UE) nº 1151/2012, (UE) nº 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os Regulamentos (CE) nº 1/2005 e (CE) nº 1099/2009 do Consello, e as Directivas 98/58/CE, 1999/

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 854/2004 e (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as Directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais).

No considerando 46 o anteproxecto establece o seguinte:
"(46)
Las autoridades competentes deben poder delegar algunas de sus funciones en otros organismos".

Esta delegación de funcións é facultativa, non obrigatoria, en aplicación da normativa europea.

No artigo 2 do anteproxecto (Controis oficiais e outras actividades oficiais) prevé:
"1. Para os efectos do presente Regulamento entenderase por «controis oficiais» as actividades realizadas polas autoridades competentes ou polos organismos delegados ou as persoas físicas nas que se delegaron determinadas funcións de control oficial de conformidade co presente Regulamento para comprobar (...):"

- Que co proxecto o consello regulador deixa de tomar decisións con respecto a temas tan importantes como a promoción, estratexia da comarca, porque estas decisións deben ser aprobadas pola AGACAL.
A promoción pasa a depender da AGACAL e de dous novos organismos: O Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria; o Plan Estratéxico ten que se convalidado pola AGACAL e prevese a aprobación duns novos Estatutos cuns requisitos mínimos que non se definen e terá que se aprobados e autorizados pola consellería. Por último, respecto á definición de produto diferencia e produto estándar, dependerá das decisións da Agacal, sen ter en conta o prexuízo aos viticultores.

Contestación: Rexéitase a alegación.

Respecto das decisións estratéxicas, o artigo 52.f) do anteproxecto regula de forma axeitada entre as obrigas dos consellos reguladores a seguinte, que é

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

conforme coa súa propia natureza e razón de ser: "f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria". É dicir, aos consellos reguladores se lles atribúe unha función de planificación estratéxica, isto sen prexuízo das competencias e o obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, previstas no artigo 8 do anteproxecto.

En canto á promoción, o artigo 9.2 do anteproxecto regula unha función esencial de control de que dispón a AGACAL da seguinte forma: "No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia". Esta función non se pode obviar.
Se prexuízo disto os consellos reguladores dispoñen dunha importante función de promoción e reciben subvencións da Administración para o seu desenvolvemento.
O artigo 52.3.c) do anteproxecto xa recolle esta función de xestión dos consellos reguladores da seguinte forma:
"c) Realizar actividades promocionais no marco do correspondente plan de promoción, informando ás persoas consumidoras sobre o produto e, en particular, sobre as súas características específicas de calidade".
Non obstante o anterior, non se pode obviar que a meirande parte das contías que invirten en promoción proceden de fondos públicos.

No tocante aos Estatutos, o artigo 49.2 regula uns elementos mínimos que deben conter os Estatutos e o artigo 49.5 acude ao desenvolvemento regulamentario para prever e completar os requisitos mínimos que deben cumprir os estatutos dos consellos reguladores. Desde o punto de vista de técnica normativa é coherente diferir ao desenvolvemento regulamentario a regulación de certas cuestións propias dunha norma dese rango e non ofrecer unha regulación legal agotadora de toda a materia.
Por outra banda, a adecuación dos consellos reguladores ás esixencias duns novos estatutos non se produce ipso facto. A Disposición transitoria 2ª.1 prevé un lapso temporal amplo, de 3 meses desde a entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento, para a aprobación deses

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

estatutos. Esta prevións ten por obxecto, precisamente, facilitar a adecuación dos consellos reguladores á normativa en vigor, sen paralizar a súa actividade, nin interferir negativamente nela.

Respecto da definición do produto de calidade diferenciada e estándar, a lei os define para distinguir os produtos que teñen unhas características e esixencias superiores ás obrigatorias para un produto alimentario dos que non as teñen. Dentro dos primeiros teñen cabida os produtos de DO e IXP.
Estes dous tipos de produtos está suxeitos a unha normativa e esixencias distintas e o réxime sancionador a aplicar por incumprimento desa norma debe tamén ser diferente, tal e como se regula no anteproxecto.
Deste forma o lexislador de outorga unha potestade de identificar os produtos que están acollidos a un concepto de calidade diferenciada. Esta sistemática é a consolidada na actuación do Ministerio, tal e como se pode comprobar se se visita a súa páxina web. A modo de exemplo citamos o seguinte enlace para poder verificala:
https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/

4 Alegacións de Brais Cortiñas Álvarez, vogal do consello regulador en representación do sector colleiteiro:

- Artigo 12.3: entendemos que debe formar parte do Consello Alimentario de Galicia as entidades ou asociacións profesionais de carácter alimentario reguladas normativamente na nosa comunidade autónoma.

Contestación: Acéptase a alegación, no sentido de que xa teñen cabida segundo a actual redacción do anteproxecto.

O artigo 12.3 do anteproxecto prevé que o Consello Alimentario de Galicia estará integrado, entre outros, polas "organizacións máis representativas da industria alimentaria", polo que as entidades ou asociacións profesionais que se mencionan nas alegacions terían cabida nesta composición.

- Artigo 36.4: Produto artesanal é aquel que, como principio fundamental, parte dunha materia prima obtida e/ou elaborada pola propia empresa artesanal. De ser necesario un proceso de elaboración ou transformación para a obtención do produto final, este debe ser realizado exclusivamente

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

pola empresa artesanal, manténdose un carácter artesanal e non permitíndose a súa industrialización.
- Artigo 38.2: Consideramos importante que para que algo se considere como "da casa" ou "caseiro" as materias primas usadas como base fundamental para a elaboración teñen que ser exclusivamente procedentes da fauna e flora autóctona de Galicia.

Contestación: Acéptase a alegación no tocante ao termo caseiro, pois terase en consideración no desenvolvemento normativa e rexeitase no tocante ao produto artesanal.

Respecto da consideración dun produto como **artesanal**, o artigo 36.4 do anteproxecto regula dous requisitos para que un produto sexa artesanal:
. que sexa elaborado pola propia empresa artesanal, e
. que se elabore consonte co proceso de elaboración se recolla na norma técnica específica e adecuada para cada tipo de produto.

A esixencia, para que un produto poida ser considerado como artesanal, de que só se poidan empregar materias primas da explotación suporía introducir un elemento limitativo que non está xustificado.

Respecto da consideración dun produto como **caseiro**, o concepto popular do termo caseiro lígase á elaboración a partir de materias primas procedentes da propia produción ou explotación. Resulta axeitado, tal e como se prevé no artigo 38.2 do anteproxecto, que se esixa que as materias primas teñan o seu orixe na propia explotación, pero non que se trate de materias autóctonas. Esta esixencia adicional do carácter autóctono da materia prima terase en conta no desenvolvemento normativo da artesanía. Así, na medida do posible, valorarase que as materias primas sexan variedades ou razas preferentemente autóctonas.

13.- ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS (AGACA)

A AGACA manifesta, en síntese, o seguinte:
- Que é fundamental que a administración acompañe e apoie coa lexislación ás cooperativas para compartir a labor que fan as mesmas nos mercados.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Que tanto o Consello Alimentario de Galicia como a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, deben ser órganos de consulta pública e participativa do sector da calidade diferenciada de Galicia, pero que non poden suplantar as funcións que hoxe residen nos plenos das denominacións de orixe protexida e nas indicación xeográficas protexidas e nos seus equipos profesionais.
- Que o Anteproxecto necesita reforzar aqueles artigos da futura Lei que veñen a potenciar as funcións dos consellos reguladores e a suprimir aqueles aspectos que supoñan limitacións de funcións dos mesmos.
- Que a planificación estratéxica e as decisións estratéxicas deben seguir sendo competencia dos plenos dos consellos reguladores.
- Que, salvo en casos excepcionais, as funcións de control do pleno do consello regulador, certificado por ENAC, deben ser actividades ordinarias dos mesmos e non delegadas.
- Que as labores de promoción, así como os mercados obxectivo ou as campañas de comunicación a levar a cabo, desenvoltos con recursos propios por parte dos consellos reguladores, deben ser establecidos polos mesmos mediante os acordos do plenario do consello regulador, e a Lei non pode expropiar esta capacidade de xestión aos consello reguladores
- Que calquera nova marca de garantía ou distintivo (tipo artesán, caseiro,...) que se vaia a aprobar para un mesmo produto amparado por un consello regulador debe ser necesariamente aprobado por unha maioría reforzada do plenario.

De acordo co anterior a AGACA presenta as seguintes propostas:

1º.- Letra m) do artigo 3. Engadir ao texto ao final o seguinte: *, e fomentar a cooperación entre os mesmos para a súa posta no mercado*.

Contestación: Acéptase esta alegación.

A pretensión que persegue esta alegación de fomentar a cooperación xa se recolle no artigo 3.i do anteproxecto, que regula como fin da lei:
"Promover a participación dos axentes sociais e económicos do sector e fomentar a cooperación entre as empresas alimentarias acollidas ás diferentes figuras de protección da calidade alimentaria para a posta no mercado dos seus produtos".

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Con base nunha alegación que se presentou ao anteproxecto de lei complétase a letra i) do artigo 3 co seguinte contido, a maiores do contemplado inicialmente:

"fomentar e potenciar as entidades de economía social que produzan, elaboren ou comercialicen alimentos de calidade diferenciada.".

2ª.- Letra d) artigo 5. Nova redacción da mesma: *d) Formación, promoción e fomento do asociacionismo e a cooperación a través da economía social no sector alimentario*.

Contestación: Acéptase esta alegación.

3º.- Letra a) do punto 2 e artigo 9. Engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: *Para o que procederá a escoitar as propostas dos consello reguladores*.

Contestación: Acéptase esta alegación, pero en lugar de incluila no artigo 9.2.a), engádese no artigo 13.7.e) ao regular as funcións da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, en canto que na Mesa sí están integrados os propios consellos reguladores.

Así o citado artigo 13.7.e) quedará redactado da seguinte forma:

"Asesorar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria en relación coas súas actividades e funcións, e en relación coas materias e os estudos que lle sexan encomendados, para o que a Axencia escoitará as propostas que lle faga a Mesa sobre estes asuntos.".

4º.- Letra d) do punto 2 e artigo 9: Engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: *En ningún momento suplantará as funcións de planificación dos plenos dos consello reguladores das denominacións de orixe protexida e nas indicación xeográficas protexidas*.

Contestación: Rexéitase esta alegación. No artigo 9.2.d) do anteproxecto xa se recolle que a actuación de deseño da planificación estratéxica de

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

promoción da calidade alimentaria diferenciada galega a realizará a AGACAL de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da calidade diferenciada, polo que en modo ningún existe unha suplantación de funcións e non se considera axeitado introducir a redacción proposta.

5º.- Letra g) do punto 2 e artigo 9: Cambiar a expresión: ... *e tutelar*, pola de ... *e asesorar*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

O artigo 9.2.g) regula de forma expresa unha función que corresponde a AGACAL relativa á tutela dos consellos reguladores. Esta previsión considérase axeitada, posto que a AGACAL realiza unha función de control e amparo dos consellos reguladores, que á súa vez teñen a natureza de corporacións de dereito público vinculadas coas Administracións Públicas.

6º.- Engadir a letra e) ao punto 2 do artigo 12. e) *Recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen a Mesa de Calidade Alimentaria e os Consellos Reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

Non se considera axeitado que se contemple entre as funcións do Consello Alimentario de Galicia a de recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen a Mesa da Calidade Alimentaria e dos Consellos Reguladores das denominación de orixe e indicacións xeográficas protexidas, dado que a Mesa da Calidade Alimentaria dispón dunhas funcións que son independentes e autónomas ds do Consello Alimentario de Galicia e non está subordinada a éste.

7º.- Modificar a letra m) ao punto 7 do artigo 13. Recibir e avaliar as propostas *estratéxicas* que lle trasladen os consellos reguladores, as asociación sectoriais ás que se refire o artigo 61 e as asociacións sectoriais de empresas artesanais alimentarias.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na actual redacción do artigo 13.7.m) se regula entre as funcións da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada a de "Recibir e avaliar as propostas que lle trasladen os consellos reguladores, as asociacións sectoriais ás que se refiere o artigo 61 e as asociacións de empresas artesanais alimentarias". Esta previsión comprende todo tipo de propostas, non só propostas estratéxicas e non se atopa fundamentación para limitar a avaliación só a propostas que teñan un carácter estratéxico.

8º.- Engadir ao final do texto do punto 1 do artigo 37, o seguinte parágrafo. *Tanto a carta de artesán/artesá como o uso de temos protexidos sinalados no artigo 38 e 39 deben contar coa aprobación de 2/3 do pleno do consello regulador no ámbito de actuación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas para o mesmo produto*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

A competencia para outorgar a carta de artesán correspode, segundo o artigo 36.2 do anteproxecto, a AGACAL e con base nuns criterios obxectivos que se desenvolven normativamente mediante un decreto.
Ademais disto, a artesanía alimentaria excede do ámbito competencial dos consellos reguladores. Pode referirse a produtos para os que non existe unha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida rexistrada.

9º.- Engadir a letra p) ao punto 3 do artigo 51. v). *Acordar o plan estratéxico de desenvolvemento e promoción escoitando as propostas e orientacións do Consello Alimentario de Galicia e da Mesa de Calidade Alimentaria*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

O artigo 52.f) regula como unha obriga dos consellos reguladores a elaboración dun plan estratéxico, que haberá de ser validado pola AGACAL.
Non obstante considérase inadecuada a proposta de que os consellos reguladores teñan que escoitar as propostas e orientacións do Consello Alimentario de Galicia e da Mesa da Calidade Alimentaria para acordar o seu plan estratéxico, por tratarse dunha burocracia inxutificada.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

10º.- Eliminar o último parágrafo da letra f) do artigo 52. Elimínase o parágrafo: *No caso dos consello reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

Considérase esencial a función de control da AGACAL na validación do plan estratéxico dos consellos reguladores. Resulta xustificada e conforme coas competencias que lle atribúe a Axencia o artigo 9.2 do anteproxecto (parágrafo a: "Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.).

11º.- Eliminar os últimos parágrafos da letra h) do artigo 52. Elimínase: *Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria*.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

Considérase esencial, tanto a coherencia coa planificación estratéxica da consellería para conseguir uns obxectivos comúns, como a validación pola AGACAL.

14.-CR DOP MEXILLÓN DE GALICIA

1 Entre os fins da nova lei de calidade alimentaria de Galicia (art.3.m) debería-se incluír: a valorización da peculiaridade dos produtos agrarios e dos produtos da pesca, a acuicultura e o marisqueo tradicionais e innovadores de Galicia, fomentando os signos distintivos de orixe e calidade e o prestixio e a

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

rendibilidade da industria alimentaria galega como instrumento básico de desenvolvemento económico no medio rural e do costeiro. De xeito específico, mellorar as rendas percibidas polos produtores primarios para acadar unha remuneración xusta do seu traballo.

Contestación: Acéptase esta alegación.

O espírito da Lei de calidade alimentaria de Galega é que sexa aplicable, tal e como se establece no seu artigo 2, á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conformidade dos procesos de produción, transformación e comercialización de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentaria
Polo tanto, e aos efectos de darlle mais claridade á redacción e axustala á finalidade pretendida cabe estimar a alegación presentada e proponse como nova redacción a este apartado m) do artigo 3 a seguinte:
m) Valorizar a peculiaridade dos produtos tradicionais e innovadores de Galicia, tanto os agrarios como os procedentes da pesca, a acuicultura e o marisqueo, fomentando os signos distintivos de orixe e calidade e o prestixio e a rendibilidade da industria alimentaria galega como instrumento básico de desenvolvemento económico no medio rural e do costeiro. De xeito específico, mellorar as rendas percibidas polos produtores primarios para acadar unha remuneración xusta do seu traballo.

2 No anteproxecto de lei, a definición de alimento ou produto alimentario [art.4.a)]:
(i) reproduce a definición de alimento incluída na *ley 28/2015 de 30 de julio, para la defensa de la calidad alimentaria* (art. 4.a), que a súa vez reproduce parcialmente a definición de alimento recollida no art. 2 do Regulamento (CE) nº 178/2002.
(ii) fai mención específica dos moluscos bivalvos, os equinodermos os tunicados e os gasterópodos recolectados ou producidos e, de ser preciso tratados, con destino ao consumo humano, tanto se foron transformados total ou parcialmente coma se non.
Non se entende a necesidade desta última mención específica que fai referencia exclusivamente a certos grupos de mariscos, deixando fora a outros grupos de m riscos, aos peixes e ás algas.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De ser necesaria a mención especifica dos produtos do mar dentro da nova regulamentación sobre calidade alimentaria de Galicia, sería más pertinente nomear a este tipo de alimentos como ó fai a lei 2/2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria galega (art 3. 1), isto é, "os produtos da pesca, acuicultura e marisqueo" con destino ao consumo humano.

Contestación: Rexéitase esta alegación.

O Regulamento 178/2022, de 28 de xaneiro, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, define no seu artigo 2 "alimento" ou "produto alimenticio" como :
"calquera substancia ou produto destinado a ser ou razoablemente susceptible de ser inxerido polos humanos, sexan ou non procesados total ou parcialmente.
"Alimento" inclúe bebidas, goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada intencionadamente aos alimentos durante a súa fabricación, preparación ou tratamento. A auga incluirase despois do punto de cumprimento definido no artigo 6 da Directiva 98/83/CE e sen prexuízo dos requisitos establecidos nas Directivas 80/778/CEE e 98/83/CE.
"Comida" non inclúe:
a) alimentación;
b) animais vivos, salvo que estean preparados para ser comercializados para o consumo humano;
c) plantas antes da colleita;
d) os medicamentos segundo a definición das Directivas 65/65/CEE (1) e 92/73/CEE (2) do Consello;
e) cosméticos segundo a definición da Directiva 76/768/CEE do Consello (3);
f) o tabaco e os produtos do tabaco definidos pola Directiva 89/622/CEE do Consello (4);
g) substancias estupefacientes ou psicotrópicas tal e como se definen pola Convención Única das Nacións Unidas sobre Estupefacientes, de 1961, e a Convención das Nacións Unidas sobre Substancias Sicotrópicas, de 1971;
h) residuos e contaminantes;
i) os produtos sanitarios definidos polo Regulamento (UE) 2017/745 do Parlamento Europeo e do Consello.
Dado que os moluscos bivalvos vivos, equinodermos, tunicados e gasterópodos non poden ser destinados ou non poden ser razoablemente susceptible de ser inxerido polos humanos sen seu previo paso por determinados esta-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

blecementos onde se deben someter aos procesos de depuración, expedición e/ ou transformación, si se mantén a definición tal cual está no Regulamento 178/2022, o ámbito da lei solo permitiría que fose de aplicación a estes produtos a partir de que fosen obxecto destes procesos que os convirten en alimentos.
Polo tanto é preciso incluír na definición as etapas previas, que permita a aplicación desta norma dende a dende á súa produción abranguendo todas as etapas da comercialización e/ou transformación ata chegar ao consumidor final.

Polas razóns expostas, cómpre non ter en consideración o contido desta alegación.

3 A orixe dual dos alimentos (auga/terra) vese reflectida no título I relativo ás competencias, que para os alimentos de orixe mariña ou acuícola recaen na Consellería do Mar (art. 6).
No que se refire aos produtos -do mar- de calidade diferenciada, como a DOP (Denominación de Orixe Protexida) Mexillón de Galicia1, nos preocupa a indefinición e falta de precisión na súa consideración. Empezando polo redactado do artigo 6. que resulta confuso e pouco preciso sobre as competencia que ostenta a Consellería do Mar sobre os produtos do mar de calidade diferenciada, xa que no seu punto f. falase do fomento das denominacións de orixe (non das denominacións de orixe protexidas) e de distintivos de calidade (non distintivos de calidade diferenciada).

Ademais, en todo o título I, non se establecen accións de promoción dos produtos do mar de calidade diferenciada, nin o establecemento de liñas estratéxicas para o impulso dos produtos do mar de calidade diferenciada, nin o deseño da planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada –no que ten que ver cos alimentos do mar de calidade diferenciada. A diferencia do que ocorre cos produtos agroalimentarios de calidade diferenciada.

Demandamos polo tanto que na nova lei teña unha maior consideración para os productos do mar (da pesca, do marisqueo e da acuicultura) de calidade diferenciada, nomeadamente para aqueles produtos do mar de calidade diferencial asociada á orixe xeográfica por asegurar as máximas garantías en canto á súa vinculación co territorio de Galicia.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Acéptase a alegación.

O espíritu do apartado f) do artigo 6 do anteproxecto da Lei de calidade alimentaria de Galega é que a Consellería do Mar ostente a competencia do fomento das distintas figuras de protección da calidade diferenciada que se desenvolven no título III deste anteproxecto de lei. Facer notar que entre as accións de fomento enténdense incluídas as de promover e impulsar estas figuras a través diversas iniciativas como poden ser as accións de promoción ou o desenvolvemento de plans estratéxicos.
Polo tanto, e aos efectos de darlle mais claridade á redacción e axustala á finalidade pretendida cabe estimar a alegación presentada e proponse como nova redacción a este apartado f) do artigo 6 a seguinte:
f) Fomento das figuras de protección da calidade diferenciada no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

4 Entre as novidades plasmadas no anteproxecto se inclúe a creación, por parte da administración galega "dun referencial que servirá para identificar no mercado os productos que se obtiveron conforme a normas que garanten a súa sostibilidade, entendida esta non só dende o punto de vista ambiental, senón tendo en conta tamén os aspectos económicos e sociais. Os produtores primarios do agro e do mar desempeñan un papel crave na transición cara a un sistema alimentario máis equitativo e sustentable, e recibirán apoio da política agrícola común e da política pesqueira común a través de novos fluxos de financiamento e réximes ecolóxicos para que adopten prácticas sostibles. Polo tanto, facer da sostibilidade unha marca abre novas oportunidades de negocio e diversifica as fontes de ingresos tanto para os homes e mulleres do campo e do mar como para as empresas alimentarias." (o entrecomillado reproduce literalmente un parágrafo da exposición de motivos).
Esta cuestión que se desenvolve no artigo 27, pero fai referencia exclusiva á producción agroalimentaria, excluíndo así deste referencial a produción do mar (da pesca, do marisqueo e da acuicultura).
Excluír aos produtos do mar no ámbito deste referencial, supón exclúe a estes productos (as persoas e empresas que os producen e elaboran) das oportunidades e beneficios que leva asociado este referencial (sistema de certificación da sustentabilidade). Por elo, a través da conselleria competente nos produtos alimentarios de orixe mariña e acuícola debera de crearse un sistema de certificación da sustentabilidade dos sectores pesqueiro, maris-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

queiro e acuícola que seguindo os principios desenvolvidos para o sector agroalimentario no artígo 27 recolla as especificidades dos sectores que están baixo a competencia da Consellería do Mar.

Contestación: Acéptase esta alegación.

Efectivamente, debe existir a posibilidade dentro desta norma que posibilite a certificación da sustentabilidade dos sectores pesqueiro, marisqueiro e acuícola que seguindo os principios desenvolvidos para o sector agroalimentario no artigo 27 recolla as especificidades dos sectores que están baixo a competencia da Consellería do Mar. Polo tanto, proponse como nova redacción a este Capítulo III do Título II do Anteproxecto da Lei de Calidade Alimentaria de Galicia:

CAPÍTULO III
Sostibilidade da cadea alimentaria

Artigo 27. Sistema de certificación da sustentabilidade do sector alimentario galego

1. Co fin de mellorar a sostibilidade da produción alimentaria galega nas súas vertentes ambiental, social e económica, establécese un sistema de certificación da sostibilidade do sector alimentario galego, que será xestionado e coordinado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria no relativo aos produtos agroalimentarios e pola Consellería do Mar no relativo aos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.
2. O sistema de certificación da sostibilidade basearase nun conxunto de normas de produción e boas prácticas, encamiñadas a garantir o respecto ao medio ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e a cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso dos operadores primarios. Este conxunto de normas de produción e boas practicas serán definidas en pregos de condicións específicos, axeitados ás características dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego.
3. O sistema de certificación da sostibilidade constará dos seguintes elementos:
a) Os comités de sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego, aos que lle corresponderá elaborar os pregos de condicións e propo-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ñer a súa aprobación á Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou á Consellería do Mar, segundo corresponda en razón da natureza do produto.
b) Os correspondentes pregos de condicións, que fixarán as normas de produción e boas prácticas e os requisitos do produto en cada un dos ámbitos do sector alimentario galego. Estes pregos de condicións serán aprobados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou pola Consellería do Mar, de acordo co que proceda en razón da natureza do produto, logo da proposta do correspondente comité de sostibilidade.
c) O sistema de seguimento da sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego. Este sistema comprenderá a identificación dos indicadores de seguimento que se utilizarán para definir e actualizar a disciplina de produción á que se refire o sistema de certificación, así como para avaliar o impacto das eleccións realizadas e os resultados alcanzados.
4. A adhesión ao sistema de certificación será voluntaria e implicará o sometemento a controis por parte dunha entidade de certificación que avaliará a conformidade da produción cos requisitos do prego de condicións. A conformidade do proceso produtivo cos requisitos do prego de condicións acreditarase cun certificado de conformidade emitido pola entidade de certificación que realice os controis. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria será a encargada de autorizar as entidades certificadoras así como de supervisar a súa actividade.
5. O conxunto de normas de produción e boas prácticas revisarase periodicamente, procedendo ás actualizacións necesarias co obxectivo de adoptar as directrices máis recentes sobre sostibilidade económica, ambiental e social.
6. Os produtos certificados baixo o sistema definido neste artigo serán distinguidos por un logotipo público específico e recoñecible polas persoas consumidoras. Con este fin, poderase rexistrar unha marca de garantía que acolla os produtos alimentarios sostibles de acordo co establecido neste artigo e nas normas que o desenvolvan.
7. Regulamentariamente definiranse as normas comúns que deban conter os pregos de condicións aos que se refire este artigo, a composición e as normas de funcionamento dos comités de sostibilidade e os requisitos para a autorización das entidades certificadoras.

5 É pertinente que para salvagardar a aqueles produtos de calidade que está amparados por denominacións xeográficas de calidade e evitar a confusión-colisión que puidera darse con outros sistemas de calidade diferenciada no

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

art. 37.3 incluído dentro do capítulo V de Artesanía alimentaria, a nova regulamentación indique que:
"Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha
denominación xeográfica de calidade [DOP ou IXP] coa que se puidesen confundir, a
norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse."

Por contra non parece moi congruente que acto seguido no art.42 do capítulo VI que regula aos Produtos alimentarios tradicionais de Galicia se indique que:
"A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en colaboración co sector, elaborará e manterá actualizado un catálogo de produtos alimentarios tradicionais, no que se recollerá a identificación e a definición dos produtos típicos e tradicionais de Galicia, con independencia de que estean ou non protexidos mediante un distintivo referido á orixe ou a calidade do produto, co fin de preservar e revalorizar estes, efectuando a súa caracterización e seguimento histórico."

Contestación: Rexeitase a alegación

Consonte co previsto na anteproxecto se o produto artesanal á vez ten unha DO que o ampare, estará obriga a estar acollido á DO para evitar as confusións que se mencionan nas alegacións, así o prevé o artigo 37.3 do anteproxecto: "3. Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha denominación xeográfica de calidade coa que se puidesen confundir, a norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse".

No tocante á alegación relativa á falta de congruencia pola elaboración por AGACAL dun catálogo de produtos alimentarios tradicionais, cómpre salietar que os produtos deste catalógo non teñen por qué ser artesanos, nin procedentes de DO ou IXP, se trata de produtos caracterizados por ser tradicionais, xa estean ou non transformados. A título de exemplo: a Tarta de Lestedo, o botelo, a lamprea do Miño, ou outros similares.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En calquera caso, convén dispoñer dun catálogo para inventariar. Este catálogo de produtos alimentarios tradicionais é máis amplo que a artesanía e estes produtos traidicionais están definidos no artigo 41.1 do anteproxecto: "Para os efectos desta lei, entenderase que un alimento é tradicional de Galicia cando se acredite un mínimo de trinta anos de produción, elaboración e comercialización en Galicia".

Cómpre ter en conta, ademais, que a normativa europea permite facer excepcións á hixiene en produtos tradicionais, polo que estes deben estar taxados. Así o prevé o artigo 41.2 do anteproxecto, que regula os produtos alimentarios tradicionai: "Poderán adoptarse medidas que permitan seguir utilizando métodos tradicionais para garantir as características dos alimentos tradicionais de Galicia, de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 2074/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen medidas de aplicación para determinados produtos conforme o disposto no Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e para a organización de controis oficiais conforme o disposto nos Regulamentos (CE) nº 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, se introducen excepcións ao disposto no Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e se modifican os Regulamentos (CE) nº 853/2004 e (CE) nº 854/2004".

6 O anteproxecto recolle novidades importantes na regulamentación das denominación xeográficas de calidade nos títulos III e IV, para entre outras, recoller determinados aspectos novidosos da normativa europea (que regula este tipo de distintivos de calidade vinculada á orixe2) e determinadas cuestións da normativa nacional (que regula as DOPs e IXPs de ámbito supraautonómico3). Ademais, a nova normativa debe recoller o cambio na norma internacional para á que deben estar acreditados os consellos reguladores nos que a administración competente delega a actividade de control e certificación.
Por último, os reguladores indican que co fin de impulsar ás producións de calidade
diferenciada (nomeadamente DOPs e IXPs) en certos aspectos, a nova normativa regula aos consellos reguladores, entidades que se constitúen como corporacións de dereito público para a xestión das figuras de protección da

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

calidade daqueles sectores e productos de calidade diferenciada que teñen unha maior capacidade autoorganizativa.
Nesta nova lei os reguladores galegos definen por primeira vez a xestión pública das figuras de calidade xeográfica (DOPs e IXPs) a través da Administración competente en materia de calidade alimentaria (art.46.1), indicando a posibilidade de delegar estás funcións en consellos reguladores (art. 46.2) se cumpren os requisitos que se detallan no art.48, que requiriran a adaptación dos consellos reguladores actualmente existentes.
Entre os novos requisitos é unha cuestión especialmente sensible o relativo á elaboración e aprobación duns estatutos a través dos que se rexeran os consellos reguladores (art. 48.f e art. 49). A adaptación a este novo requirimento, dos regulamentos que rexen ás denominacións xeográficas de calidade e aos seus consellos reguladores4 e que nalgúns casos se aprobaron tras longos procesos xudiciais, pode levar a que, contrariamente ao que pretende o regulador –impulso das ás producións de calidade diferenciada— estas se vexan debilitadas.
Para evitar isto, e reforzar e impulsar aos produtos (e sectores) amparados actualmente baixo denominacións xeográficas de calidade, o regulador debería establecer na nova lei mecanismos, que tendo en consideración as características sociais propias destes produtos, lles faciliten a adaptación dos seus órganos de xestión (consellos reguladores) a esta nova normativa, incluíndo a posibilidade de que os consellos reguladores que actualmente están aprobados podan seguirse rexendo polos seus regulamentos debidamente transpostos, incorporando neles as diversas cuestións novidosas que se establezan (como as obrigas das persoas operadoras alimentarias detalladas no art.43 do anteproxecto ou as novas obrigas dos consellos reguladores incluídas no art.52).

Contestación: Acéptase a alegación, dado que o anteproxecto de decreto xa contempla unha transitoriedade para a adecuación dos Estatutos.

No tocante aos Estatutos o artigo 49.2 do anteproxecto regula uns elementos mínimos que deben conter os Estatutos e o artigo 49.5 acude ao desenvolvemento regulamentario para prever e completar os requisitos mínimos que deben cumprir os estatutos dos consellos reguladores. Desde o punto de vista de técnica normativa é coherente diferir ao desenvolvemento regulamentario a regulación de certas cuestións propias dunha norma dese rango e non ofrecer unha regulación legal agotadora de toda a materia.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, a adecuación dos consellos reguladores ás esixencias duns novos estatutos non se produce ipso facto. A Disposición transitoria 2ª.1 prevé un lapso temporal amplo, de 3 meses desde a entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento, para a aprobación deses estatutos. Esta previsión ten por obxecto, precisamente, facilitar a adecuación dos consellos reguladores á normativa en vigor, sen paralizar a súa actividade, nin interferir negativamente nela.
Por outra banda, todos os consellos reguladores teñen actualmente uns regulamentos xa aprobados que poden ser a base para os Estatutos que se teñen que adaptar ao previsto na lei e dispoñer dun espacio temporal de 3 anos para adoptar as medidas que sexan precisas para executar esa adecuación.

Contestación: Enténdese que esta cuestión trata dun tema transversal, que pode suceder en calquera tipo de produto alimentario e non só aos procedentes da pesca, acuicultura ou marisqueo e que por tanto debe ser valorada polo Departamento impulsor da norma.

7 Segundo se indica na exposición de motivos, o título V establece as medidas de fomento aplicables no sector alimentario, facendo mención especial das medidas relativas á calidade diferenciada.
Nese sentido e para incluír de forma clara a todos os produtos alimentarios galegos (do mar tal e da terra) é pertinente e necesario modificar o punto h do art. 63, como se indica:
"Incorporar a promoción de produtos de calidade diferenciada nas políticas de
desenvolvemento rural, costeiro, turístico e cultural, para destacar a produción alimentaria galega como un elemento adicional na construción da paisaxe, a vertebración territorial do mundo rural e no medio costeiro e a conservación dos recursos naturais en clave de medio costeiro e a conservación dos recursos naturais en clave de sustentabilidade."

Contestación: Acéptase a alegación

O título V deste Anteproxecto está composto por dous capítulos, O Capítulo I (artigos 62, 63, 64 e 65) ás Medidas de fomento da calidade alimentaria en Galicia, dende un punto de vista xeral e o Capítulo II (artigo 66) enfocado

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

máis concretamente ás Medidas específicas de fomento da calidade alimentaria diferenciada. Polo tanto as medidas relativas e específicas da calidade diferenciada deben circunscribirse a este capítulo II.
Sen embargo, tamén é certo que todas as medidas deste título deben referirse tanto sector rural, de onde proceden os produtos agrarios como ao sector situado na costa galega, de onde proceden as maior parte da nosa pesca, acuicultura e marisqueo. Polo tanto, considérase que debe terse en conta parcialmente a alegación presentada, propoñendo unha nova redacción para o apartado h do artigo 63:
"Incorporar a promoción de produtos de calidade nas políticas de desenvolvemento rural, costeiro, turístico e cultural, para destacar a produción alimentaria galega como un elemento adicional na construción da paisaxe, a vertebración territorial do mundo rural e no medio costeiro e a conservación dos recursos naturais en clave de sustentabilidade."

15.- CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA

1 Artigo 2.
Punto 2. Letra a) Consideramos que sería relevante puntualizar que quedan excluídos os aspectos medioambientais simplemente agregando ao texto. "*Ademais dos sinalados deberían quedar excluídos os aspectos medioambientais*"

Contestación: Rexéitase a alegación.

Non procede excluír os aspectos medioambientales do texto do anteproxecto. De feito na propia Exposición de Motivos inclúense aspectos medioambientais considerados no articulado: "A transición a unha economía hipocarbónica, máis sostible, eficiente no uso dos recursos e circular, en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, é fundamental para garantir a competitividade a longo prazo da economía da Unión. Recoñecendo este reto, a Comisión presentou o Pacto Verde Europeo en decembro de 2019. O Pacto Verde Europeo constitúe unha nova estratexia de crecemento destinada a transformar a Unión nunha sociedade equitativa e próspera, cunha economía moderna, eficiente no uso dos recursos e competitiva, na que non haberá emisións netas de gases de efecto invernadoiro a partir de 2050 e o crecemento económico estará disociado do uso dos recursos. En relación coa produción agraria destaca a importancia dos agricultores europeos na xestión da transición cara aos obxectivos fixados pola Unión e a importancia de

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

apoiar os esforzos para facer fronte ao cambio climático, protexer o medio ambiente e preservar a biodiversidade, a través da definición de sistemas alimentarios sostibles.

En liña co anterior, o 20 de maio de 2020 a Comisión Europea adoptou a Estratexia sobre a biodiversidade e a Estratexia «da granxa á mesa» en prol dun sistema alimentario equitativo, san e respectuoso co medio ambiente. As dúas estratexias refórzanse mutuamente, xa que conxugan a natureza, os agricultores e agricultoras, as empresas e as persoas consumidoras en prol dun futuro sostible e competitivo. En consonancia co Pacto Verde Europeo, ámbalas dúas estratexias propoñen accións e compromisos ambiciosos da UE para poñer coto á perda de biodiversidade e converter os nosos sistemas alimentarios en modelos para o mundo en prol da sustentabilidade competitiva e a protección da saúde humana e planetaria, sen esquecer os medios de subsistencia de todas as partes na cadea de valor alimentaria. En definitiva, os obxectivos da UE son reducir a pegada ambiental e climática do seu sistema alimentario e reforzar a súa resiliencia, garantir a seguridade alimentaria fronte ao cambio climático e a perda de biodiversidade, e liderar unha transición global cara á sostibilidade competitiva «da granxa á mesa», aproveitando as novas oportunidades. Isto contribuirá a lograr a «aspiración a unha contaminación cero» do Pacto Verde da UE.

De acordo con estes antecedentes, nesta lei recóllese a creación dun referencial que servirá para identificar no mercado os produtos que se obtiveron conforme a normas que garanten a súa sostibilidade, entendida esta non só dende o punto de vista ambiental, senón tendo en conta tamén os aspectos económicos e sociais. Os produtores primarios do agro e do mar desempeñan un papel crave na transición cara a un sistema alimentario máis equitativo e sustentable, e recibirán apoio da política agrícola común e da política pesqueira común a través de novos fluxos de financiamento e réximes ecolóxicos para que adopten prácticas sostibles. Polo tanto, facer da sostibilidade unha marca abre novas oportunidades de negocio e diversifica as fontes de ingresos tanto para os homes e mulleres do campo e do mar como para as empresas alimentarias.

En liña co anterior, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, introdúcese a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios medioambientais e sociais. Así, introdúcense os criterios para que nas compras públicas se favoreza a presenza de

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

produtos frescos, de tempada, ecolóxicos e de calidade diferenciada así como produtos procedentes de empresas que asumen determinados compromisos sociais".

Pola súa banda o artigo 27 do anteproxecto regula outra cuestión de importancia esencial que ten relación cos aspectos medioambientais, isto é, a Sistema de certificación da sustentabilidade do sector agroalimentario galego.

Todo o dito sen prexuízo de que o anteproxecto non introduza un réxime sancionador con afeccións medioambientais, que entendemos que é ao que se refire a entidade que presenta a observación.

2 Artigo 5.
Letra d) estimamos que a Consellería de Medio Rural non só debería fomentar o asociacionismo alimentario senón tamén *a cooperación a través da economía social no sector alimentario*

Contestación: Acéptase a alegación.

Introdúcese esa modificación no artigo 5, letra d) e ademais complétase a letra i) do artigo 3 co seguinte contido, a maiores do contemplado inicialmente:

"fomentar e potenciar as entidades de economía social que produzan, elaboren ou comercialicen alimentos de calidade diferenciada".

3 Artigo 12.
Punto 2. Desde o punto de vista do sector sería relevante amecer como funcións do Consello Alimentario de Galicia *Recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen á Mesa de Calidade Alimentaria*.
De cara a vencellar transversalmente estas dúas figuras e que se retroalimenten entre elas e deixando que o Consello Alimentario e a Mesa de Calidade Alimentaria contribúan á definición da liña estratéxica do seu futuro.

Contestación: Rexéitase a alegación

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non se considera axeitado que se contemple entre as funcións do Consello Alimentario de Galicia a de recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen a Mesa da Calidade Alimentaria e dos Consellos Reguladores das denominación de orixe e indicacións xeográficas protexidas, dado que a Mesa da Calidade Alimentaria dispón dunhas funcións que son independentes e autónomas das do Consello Alimentario de Galicia e non está subordinada a éste.

4 Artigo 27.
Punto 3. Apartado a) consideramos que se debería debullar as diferentes entidades do sector agroalimentario galego encargados de formar parte dos comités de sustentabilidade, en concreto cremos que coma representantes do sector debería incluirse a participación do clúster alimentario.

Contestación: Acéptase parcialmente

O artigo 27.7 do anteproxecto remite a unha disposición regulamentaria de desenvolvemento a regulación da composición e normas de funcionamento dos comités de sutentabilidade e os requisitos para a autorización das entidades certificadoras. Esta previsión resulta acorde co principio de xerarquía normativa e adecúase á técnica normativa, dado que o decreto é a norma axeitada para regular este materia, desenvolvendo o disposto na lei.

Tómase en consideración para unha posterior regulación

Punto 7. Debería considerarse que dentro dos requisitos para a autorización das entidades certificadoras estas fosen entidades sen ánimo de lucro.

Contestación: Rexéitase a alegación.

O artigo 27.7 do anteproxecto remite a unha disposición regulamentaria de desenvolvemento a regulación da composición e normas de funcionamento dos comités de sutentabilidade e os requisitos para a autorización das entidades certificadoras. Esta previsión resulta acorde co principio de xerarquía

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

normativa e adecúase á técnica normativa, dado que o decreto é a norma axeitada para regular este materia, desenvolvendo o disposto na lei.

Ademais do anterior, non se considera axeitado que dentro dos requisitos para autorización ás entidades certificadoras se inclúa a esixencia de que se trate de entidades sen ánimo de lucro, xa que normalmente esta actividade a prestarán entidades certificadoras privadas que operan no mercado, e que polo tanto teñen ánimo de lucro.

5 Artigo 31.

Punto 9. Consideramos restritivo en exceso a extensión a concellos e outros nomes vinculados a DOP e IXP. Pode resultar un freo á innovación e á creación de novos produtos así coma á adaptación dos produtos agroalimentarios ao consumidor xa que toda elaboración ou presentación que non teña cabida nunha Denominación de Orixe por exemplo no caso do viño non poderá usar ningunha referencia xeográfica, o que sumado a protección da denominación dos varietais galegos en viños de mesa, pode significar unha perda de oportunidades neses novos segmentos nos que os produtos galegos non poderán competir e aproveitarse da súa imaxe de calidade.

Con esto, non consideramos que se deba de liberalizar, pero xa que se cita nesta lei como un dos obxecto do AGACAL o desenvolvemento das actividades de I+D+i nos sectores agrarios, gandeiros e forestais, e que unhas súas funcións vai ser o control da actividade dos consellos reguladores e asesoralos no seu funcionamento, debería fomentarse e promoverse as modificacións dos pregos de condicións das distintas DO e IXP para poder dar cabida a aspectos de novas elaboración e presentacións adaptadas aos novos consumidores e novos tempos. Deberíase buscar exemplos de Consellos Reguladores "dinámicos" cun enfoque de consumidor e de mercado, pasando polo pleno dos Consellos Reguladores pero, coas recomendacións de AGACAL para fomentar esa formación e promoción de evolución dos pregos de condicións. Tendo como referencia a calidade pero tamén a adaptación ao consumidor e á innovación permanente.

Contestación: Acéptase parcialmente a alegación

Modificase o apartado 9 do artigo 21 para centrar a materia de evocación en "produtos de naureza similar".

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante o anterior, a regulación que se propón nesta materia no tocante ás prohibicións das mencións é menos restritiva que a actual. Na regulación do anteproxecto prohíbese, para evitar a evocación, que o nome estea notoriamente viculado á denominación de orixe protexida ou indicación xeográfica protexida.
A normativa europea establece unhas prohibicións similares para cada tipo de produto que regulan. Así, a título de exemplo, citamos as seguintes:

. Para viños.- Art. 102 "Relación coas marcas protexidas" do RUE 1308/2013, OCM agraria.

. Para bebidas espirituosas.- Art. 36 "Relación entre marcas e indicacións xeográficas" do RUE 2019/787, que regula a presentación, etiquetado,..... das bebidas espirituosas.

. Para o resto de produtos alimenticios.- Art. 14 "Relación entre marcas, denominacions de orixe e indicacions xeográficas" do RUE 1151/2012.

No tocante á fomentar e promover as modificacións dos pregos de condicións das distintas DO e IXP para poder dar cabida a aspectos de novas elaboración e presentacións adaptadas aos novos consumidores e novos tempos, non ten cabida nunha norma con rango de lei, senón que precisa dunha moficación dos pregos. Por outra banda, na lei se contempla un novo órgano, a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, órgano idóneo para debatir estas cuestións.

6 Artigo 37
Punto 1. Coidamos que a Artesanía Alimentaria podería entrar nalgún caso en conflito coas DOP e IXP, para iso encanar o seguinte parágrafo debería buscar algunha formula de arbitraxe:
Tanto a carta de artesán/artesá como o uso de temos protexidos sinalados no artigo 39 non caso de ámbito de actuación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas para o mesmo produto, nestes ámbitos deberán ter a aprobación de Agacal.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Acéptase a alegación, dado que a dúbida está clarexada no artigo 37.3 do anteproxecto.

O artigo 37.3 do anteproxecto xa da solución a este problemática:

"Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha denominación xeográfica de calidade coa que se puidesen confundir, a norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse".

7 Artigo 43

Punto 1. Letra e) co fin de garantir a protección de datos sensibles xulgase interesante engadir o seguinte texto. *A información comercial, empresarial e societaria sensible será xestionada coa debida confidencialidade*.

Contestación: Acéptase a alegación, pero por estar incluída no texto do anteproxecto.

Esta obriga de segredo xa se regula de forma axeitada no artigo 93.2 do anteproxecto, da seguinte forma:

"2. O persoal inspector está obrigado de modo estrito a cumprir o deber de segredo profesional. O incumprimento deste deber poderá dar lugar a responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo doutras responsabilidades que procedan".

8 Artigo 91
En relación as funcións da inspección a validación da etiquetaxe a inspección debería dispor dun desenvolvemento normativo claro e preciso que non se prestara a interpretación o respecto das mencións na etiquetaxe.

Contestación: A alegación non ten contido substancial para poder ser trasladada ao anteproxecto de lei.

Por outra parte, existe unha estensa regulación da etiquetaxe tanto a nivel de normativa europea, como estatal. A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta materia.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Non obstante o anterior, a lei non pode establecer unha regulación agotadora de todos e cada un dos aspectos que poidan xurdir. Por outra lado a interpretación das normas non está vetada. Mais ao contrario a prevé o artigo 3.1 do Código Civil, sempre que se efectúe dunha forma correcta: artigo 3.1: "As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas".

16.- CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MONTERREI

Exposición de Motivos

1 ***Ademais, estas materias primas e esa cultura culinaria son a base do que xa se coñece como "Dieta atlántica", que dá un papel principal a peixes e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo moderado de carne e viño. Esta dieta contén todos os ingredientes necesarios para unha alimentación saudable.***
a) Propuesta

Ademais, estas materias primas e esa cultura culinaria son a base do que xa se coñece como "Dieta atlántica", que dá un papel principal a peixes e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo ~~moderado~~ responsable de carne e viño.
Esta dieta contén todos os ingredientes necesarios para unha alimentación saudable.

b) Argumentación

La utilización del término "moderado" tiene una connotación demasiado subjetiva a la hora de ser empleado junto con el sustantivo 'consumo', ya según la RAE se refiere al "que guarda el medio entre los extremos'. Por otro lado, no todo el mundo tiene la misma constitución física, y por ello la alimentación no es la misma para una persona de complexión pequeña que una de complexión grande, y lo que puede ser moderado para uno es exagerado para otro. Por ello, consideramos que es más correcto la utilización del término "responsable", (...)

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Rexéitase a alegación

O texto que se contén na Exposición de Motivos do anteproxecto toumouse da Fundación da Dieta Atlántica, da súa páxina web (https://fundaciondietatlantica.com/), e ven a resumir o que nela se indica. Non parece procedente o cambio solicitado xa que a lei ten que encontrar un equilibrio entre os intereses do sector vitivinícola e as recomendacións das autoridades sanitarias. Parece máis axeitado -no contexto no que aparece- a expresión "consumo moderado" que a proposta, "consumo responsable", xa que se está a referir tamén ao consumo de carne. Cando se fala de "consumo responsable" de bebidas alcohólicas estanse a ter en conta outras cuestións ademais das sanitarias, como a relativa ao momento do consumo: cando se vai a conducir ou cando se van realizar actividades que poidan supoñer riscos para a persoa consumidora ou para terceiras persoas.

A maior abastamento, a subxectividade que se alega en relación ao termo 'moderado' é tamén aplicable ao termo 'responsable'.

2 ***Certamente, a calidade e a diversidade da produción alimentaria de Galicia constitúe un dos seus principais activos, o que contribúe non só a engrandecer o noso patrimonio cultural e gastronómico, senón que permite ofrecer unha vantaxe competitiva ás persoas operadoras alimentarias.***

a) Propuesta
Certamente, a calidade e a diversidade da produción alimentaria de Galicia constitúe un dos seus principais activos, o que contribúe non só a engrandecer o noso patrimonio cultural e gastronómico, senón que permite ofrecer unha vantaxe competitiva ás persoas operadoras alimentarias, e proxecta unha imaxe moderna e actual do rural galego.

b) Argumentación
La mejor forma de revalorizar nuestro rural es recordar su grandeza y el papel que ha jugado el mismo, no sólo en el pasado sino en la actualidad, por ello debemos reforzar esta idea incluyendo esa expresión. En este sentido, se pretende invocar ideas como la innovación, sostenibilidad...

Contestación: Acéptase a alegación e engádese a palabra 'dinámica' tamén.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3 ***Neste senso, os avances tecnolóxicos deben levar aos operadores alimentarios a perseguir o desenvolvemento de solucións holísticas de rastrexabilidade cunha visión integral da cadea alimentaria. Estas solucións deben ter por obxectivo unificar, enriquecer e establecer estándares de reporting, así como a creación de sistemas de marcado físico que permitan identificar o produto ou lote de forma unívoca, posibilitando a captura dos datos de maneira automatizada e o seu rexistro nunha base de datos compartida e inalterable.***

a) Argumentación

En este sentido sería interesante que, habiendo incluido tal extremo en la Exposición de Motivos de la futura Ley, los responsables directos de la Administración barajasen la posibilidad de crear ayudas directas en este sentido a las empresas, a mayores de las líneas ya existentes. Todo a fin de que las bodegas gallegas, al margen de su dimensión contasen con ERP's que permitiesen mejorar la administración de las mismas. Se aplica también este criterio para el artículo 16.2 b) y d) del mentado anteproyecto.

Contestación: Acéptase a alegación, por esta xa incluído no texto do anteproxecto.

No artigo 62.1.d) do anteproxecto xa se recolle o seguinte: "A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, en colaboración co sector alimentario, entre outras, as seguintes actuacións:
d) O desenvolvemento tecnolóxico para situar ao sector alimentario nunha posición de liderado".

É dicir, prevese uha función de promoción do desenvolvemento tecnolóxico ao nivel que debe regular unha norma con rango de lei. O dito sen prexuízo de que nas convocatorias de subvencións se recollan axudas específicas de acordo coas consignacións orzamentarias.

4 ***Tamén se debe ter en conta que o Parlamento Europeo publicou a Resolución do 14 de xaneiro de 2014 sobre a crise alimentaria, as fraudes na cadea alimentaria e o control ao respecto (2013/2091(INI)) na que se recoñece un gran incremento da fraude alimentaria e na que se insta á Comisión Europea e aos estados membros para que incrementen e reforcen os controis oficiais, ademais dos medios humanos e materiais dispostos para***

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

loitar contra a fraude alimentaria, e tamén declara o seu apoio á proposta da Comisión Europea de endurecer as sancións impostas polos incumprimentos da lexislación alimentaria para que estas sexan efectivas na disuasión das condutas fraudulentas

a) Propuesta
Tamén se debe ter en conta que o Parlamento Europeo publicou a Resolución do 14 de xaneiro de 2014 sobre a crise alimentaria, as fraudes na cadea alimentaria e o control ao respecto (2013/2091(INI)) na que se recoñece un gran incremento da fraude alimentaria e na que se insta á omisión Europea e aos estados membros para que incrementen e reforcen os controis oficiais, ademais dos medios humanos e materiais dispostos para loitar contra a fraude alimentaria, e tamén declara o seu apoio á proposta da Comisión Europea de endurecer as sancións impostas polos incumprimentos da lexislación alimentaria para que estas sexan efectivas na disuasión das condutas fraudulentas.

b) Argumentación
Inclusión de un punto final.

Contestación: Acéptase a alegación.

5 ***Neste contexto adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras recoñecer os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza así como asegurar rendas dignas aos produtores e produtoras que compensen o seu esforzo.***

a) Propuesta
Neste contexto adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras ~~recoñecer~~ identificar/coñecer os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza así como asegurar rendas dignas aos produtores e produtoras que compensen o seu esforzo.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Argumentación
Repetición del concepto "recoñecer" en la misma línea. Para evitar dicha reiteración sustituirlo por "identificar" o "coñecer".

Contestación: Acéptase a alegación.

TÍTULO PRELIMINAR
6 ***Artigo 1. Obxecto***
a) Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

a) Propuesta
Artigo 1. *Obxecto*
a) Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados, transformados ~~ou~~ comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

b) Argumentación
Se debería incluir también el término "transformados", además de la producción y elaboración, con el objeto de mantener la consonancia con lo expuesto en el artículo 2 de este Título Preliminar.

Contestación: Acéptase a alegación.

Modifícase a definición de "transformación alimentaria" que regula o artigo 4.ii) e nela se inclúe o termo "elaboración", dado que son termos sinónimos. Isto evita a necesidade de modificar o artigo 1 para evitar redundancias contrarias ás normas técnica normativa.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

7 ***Artigo 2. Ámbito de aplicación***

1. Esta lei aplícase á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conformidade dos procesos de produción, transformación e comercialización de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias.

a) Propuesta

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei aplícase á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conformidade dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias

b) Argumentación

Según lo expuesto en el Objeto de este Título Preliminar, se debe incluir la "elaboración".

Contestación: Acéptase a alegación. Polas mesmas razóns polas que se acepta a alegación anterior.

8 ***Artigo 4. Definicións xerais***

a) Alimento ou produto alimentario: segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, é calquera substancia ou produto destinados a ser inxeridos polos seres humanos ou con probabilidade razoable de selo, tanto se foron transformados enteira ou parcialmente coma se non. Inclúe as bebidas, a goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento.

a) Propuesta

Artigo 4. *Definicións xerais*

a) Alimento ou produto alimentario: segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, é calquera substancia ou produto destinados a ser inxeridos polos seres humanos ou con probabilidade razoable de selo, tanto se foron trans-

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

formados enteira ou parcialmente coma se non. Inclúe as bebidas, as bebidas fermentadas como o viño, a goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento.

b) Argumentación
En el artículo 2 de la Ley 24/2003, de 10 de julio, de la Viña y del Vino, se define el "vino" como alimento natural obtenido exclusivamente por fermentación alcohólica, total o parcial, de uva fresca, estrujada o no, o de mosto de uva. Por lo tanto, también debería incluirse el vino en la definición de 'Alimento ou produto alimentario', ya que esta ley estatal tiene prevalencia sobre autonómica. Eso sí, siempre de acuerdo a un consumo responsable.

Contestación: Acéptase a alegación, incluíndo unha nova definición de viño no artigo 4 de definicións.

Independentemente de que na Exposición de motivos do anteproxecto xa se lle concede ao viño a consideración de alimento ao incluílo na referencia da Dieta Atlántica, tamén se redacta unha nova definición de viño no artigo 4 na que se cualifica expresamente como alimento, tal e como se indica a conitinuación:

"ll) Viño: alimento obtido exclusivamente por fermentación alcohólica, total ou parcial, de uva fresca, estrullada ou non, ou de mosto de uva".

9 ***Artigo 4. Definicións Xerais***
w) Entidades de control e certificación: organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizar o control dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización e das características fisicoquímicas, organolépticas e específicas que definen un produto alimentario amparado por unha figura de protección da calidade diferenciada. Inclúense as entidades que certifican mencións voluntarias reguladas polas administracións públicas e baseadas nun prego de condicións ou documento equivalente.

a) Propuesta
Artigo 4. *Definicións Xerais*

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

w) Entidades de control e certificación: organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizar o control dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización e das características específicas que definen un produto alimentario amparado por unha figura de protección da calidade diferenciada. Inclúense as entidades que certifican mencións voluntarias reguladas polas administracións públicas e baseadas nun prego de condicións ou documentoequivalente. Os Consellos Reguladores en ningún caso son entidades de control e certificación a efectos desta Lei.

b) Argumentación
Eliminar los términos "físicoquímicas" y "organolépticas" en esta definición, dejando sólo la de "específicas" en esta definición general. Consideramos fundamental indicar que los Consejos Reguladores no están incluidos en la categoría de entidades de control y certificación.

Contestación: Acéptase a alegación.

No tocante a aclaración dos consellos reguladores indicarase na lei: "Para os efectos deste lei baixo está definición non se inclúen os consellos reguladores".

10 ***Artigo 4. Definicións xerais***
o) Comercialización: a posesión, tenencia, almacenaxe ou depósito de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e a distribución co obxectivo de vendelos, de ofrecelos á venda ou de sometelos a calquera outra forma de transferencia ou cesión, gratuíta ou non

a) Propuesta
Artigo 4. *Definicións xerais*
o) Comercialización: a posesión, tenencia, ~~almacenaxe~~ almacenamento, despacho ou depósito de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción, elaboración, transformación e a distribución co obxectivo de vendelos, de ofrecelos á venda ou de sometelos a calquera outra forma de transferencia ou cesión, gratuíta ou non

b) Argumentación

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Sería más correcto utilizar el término "almacenamento" que "almacenaje", ya que según la RAE el "almacenaje" es un "derecho que se paga por guardar las cosas en un almacén o depósito".
Asimismo, consideramos que se debe incluir el con concepto "despacho", ya que según la definición de la RAE es "una tienda o parte de un establecimiento donde se venden determinados efectos".
Por otro lado, y según lo indicado en apreciaciones anteriores, deberían incluirse los términos "elaboración" y "transformación".

Contestación: Acéptase a alegación.

Tanto a RAE, como a RAG recolle dúas acepcións do termo almacenaxe. O uso deste termo é correcto e conforme cun dos seus significados, pero se substitúe polo de "almacenamento".

11 ***Artigo 4. Definicións xerais***

a) Propuesta
mm) Verificación da Aptitude: cotexar, confirmar e outorgar validez a un produto previamente cualificado como favorablemente por un operador.
b) Argumentación
Propuesta de incluir en este apartado la "verificación de aptitud".

Contestación: Acéptase a alegación.

Acéptase a alegación, por canto tamén se modifica o texto do artigo 43, no que se inclúe este termo de "verificación de aptitude".

a) Propuesta
nn) Fermentación: proceso bioquímico polo que unha substancia orgánica transfórmase noutra, xeralmente máis simple, pola acción dun fermento.
b) Argumentación
Inclusión del término "fermentación".

Contestación: Rexeitase a alegación.

En todo o texto do anteproxecto non se emprega o termo "fermentación", polo que é contrario á tecnica normativa definir para os efectos da norma algo que non se vai mencionar nela.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Propuesta
oo) Manual de Calidade: documento que determina e define as accións para seguir por un Consello Regulador, establece o alcance dos obxectivos últimos e define as medidas de control que se van a implementar para levar a cabo a certificación dun produto.
b) Argumentación
Propuesta de inclusión de "Manual de Calidad".

Contestación: Rexeitase a alegación.

Non é preciso definir nese artigo o termo de "Manual de Calidade", porque o Manual xa se define no artigo 83.2 do anteproxecto, que está específicamente destinado a este materia.

TÍTULO I COMPETENCIAS, ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E INSTITUCIONAL
CAPÍTULO I COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Sección 2ª. Axencia Galega da Calidade Alimentaria

12 ***Artigo 8. Obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria***
A Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:
a) Propuesta
e) Fomentar a identificación e recuperación de razas e variedades autóctonas de Galicia.
b) Argumentación
Inclusión de este punto, con el objeto de impulsar la recuperación de variedades y razas autóctonas.

Contestación: Acéptase a alegación.

Procedemos á súa inclusión no artigo 9.3 do anteproxecto.

13 ***Artigo 9. Funcións da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de calidade alimentaria***
d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da calidade alimentaria diferenciada.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Propuesta
d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da calidade alimentaria diferenciada, sen interferir, obstaculizar e limitar a actuación individual de cada Consello Regulador.
b) Argumentación
Especificar esta cuestión con el objeto de no obstaculizar la actuación particular de cada Consejo Regulador.

Contestación: Rexeitase a alegación.

Rexéitase a alegación. O artigo 52.f) do anteproxecto regula de forma axeitada entre as obrigas dos consellos reguladores a seguinte, que é conforme coa súa propia natureza e razón de ser: "f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria". É dicir, aos consellos reguladores se lles atribúe unha función de planificación estratéxica, isto sen prexuízo das competencias e o obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, previstas no artigo 8 do anteproxecto.

TÍTULO I COMPETENCIAS, ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA E INSTITUCIONAL
CAPÍTULO II ÓRGANOS DE ASESORAMENTO, CONSULTA E PARTICIPACIÓN
Sección 2ª. Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia

14 ***Artigo 13.7) As funcións da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada son:***
a) Propuesta
p) Encargar a contratación de estudos de mercado (nacional e internacional, de ser o caso).
b) Argumentación
Añadir este aspecto para facilitar la toma de decisiones, ya que se considera interesante contar

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

con información sobre el posicionamiento de los productos en los mercados.

Contestación: Acéptase a alegación.

A Mesa da Calidade Diferenciada ten por función orientar aos consellos reguladores sobre as estratexias comunes. É un órgano consultivo de debate. Por isto, para dar acollida a alegación presentada engadirase a seguinte función:

"o) Promover a contratación de estudos de mercado co fin de coñecer o posicionamento dos produtos nos mercados cando afecten a máis dunha figura de protección da calidade diferenciada.".

(Advírtese que na actual redacción do artigo 13.7 esta previsión contense na letra o).

TÍTULO II ASEGURANZA DA CALIDADE ALIMENTARIA E DA SOSTIBILIDADE DA CADEA ALIMENTARIA
CAPÍTULO II OBRIGAS DOS OPERADORES E OPERADORAS PARA A ASEGURANZA DA CALIDADE ALIMENTARIA

15 ***Artigo 16.2.c) Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias***
c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos ou sociais do sector alimentario.

a) Propuesta
Artigo 16.2.c) Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias
c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos, sociais ou de imaxe do sector alimentario.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

b) Argumentación
Añadir el concepto "imagen".

Contestación: Acéptase a alegación.

Porén alteramos a orde da redacción da seguinte forma:

c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a imaxe ou a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos ou sociais do sector alimentario.

16 ***Artigo 17. Sistema de autocontrol***
7 A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo.

a) Propuesta
Artigo 17. Sistema de autocontrol
7 A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo ou que, polo feito de estar acollido a unha figura de calidade, o manual de produto permita outros prazos

b) Argumentación
Cuando se identifica una desviación o deficiencia en el sistema, el plazo para su corrección es de un mes. Por lo tanto, supera esos 15 días indicados en el artículo 17. Sería necesario unificar los conceptos, y definir las excepcionalidades, para evitar interpretaciones erróneas por parte de los operadores.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Contestación: Acéptase a alegación, pero coa seguinte redacción:

"7 A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo ou que, polo feito de estar acollido a unha figura de protección de calidade diferenciada, o seu manual de calidade permita outros prazos".

17 ***Artigo 20. Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de productos 3. No suposto de produtos a granel, as persoas operadoras están obrigadas a identificar os depósitos, silos, contedores ou calquera outro tipo de envase que os conteña. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcado único, visible, lexible, indeleble e inequívoco, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros aos que fai referencia o artigo 22 e, se procede, coa documentación descritiva dos produtos, sen prexuízo doutras disposición adicionais que estableza a normativa específica.***

a) Propuesta
En este apartado se debería contemplar otros sistemas de identificación, para favorecer la operatividad tanto para la bodega como para el órgano de control.

Contestación: Acéptase a alegación, pero coa seguinte redacción:

Artigo 20. Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de productos

3. No suposto de produtos a granel, as persoas operadoras están obrigadas a identificar os depósitos, silos, contedores ou calquera outro tipo de envase que os conteña, agás que a normativa sectorial especifica permita ou esixa outra forma ou tipo de identificación. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcado único, visible, lexible, indeleble e inequívoco, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros aos que fai referencia o artigo 22 e, se procede, coa documentación descritiva

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dos produtos, sen prexuízo doutras disposición adicionais que estableza a normativa específica.

TÍTULO III. FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA DIFERENCIADA E PROMOCIÓN DE MARCAS DE GARANTÍA
CAPÍTULO II. DENOMINACIÓNS XEOGRÁFICAS DE CALIDADE

18 ***Artigo 29. Ámbito***
3. As zonas de produción, elaboración e, de ser o caso, de maduración, de envellecemento ou a relativa a outras operacións posteriores á elaboración dos produtos amparados por cada denominación xeográfica de calidade, deben delimitarse no prego de condicións, de acordo cos criterios agronómicos, climáticos, ambientais e humanos que correspondan.

a) Propuesta
Artigo 29. Ámbito
3. As zonas de produción, elaboración e, de ser o caso, de maduración, de envellecemento, ~~transformación~~, envasado ou a relativa a outras operacións posteriores á elaboración dos productos amparados por cada denominación xeográfica de calidade, deben delimitarse no prego de condicións, de acordo cos criterios agronómicos, climáticos, ambientais e humanos que correspondan.
b) Argumentación
Inclusión del término "transformación", en consonancia a lo indicado en anteriores propuesta, y también "envasado".

Contestación: Acéptase a alegación.

A regra xeral é que o envasado non se realice obrigatoriamente na zona de produción. Se se vai a envasar en orixe se ten que xustificar no prego de condicións.

19 ***Artigo 30. Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos***
2. Calquera persoa física ou xurídica poderá facer uso dos nomes protexidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións, salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Propuesta
Artigo 30. Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos
2. Calquera persoa física ou xurídica previamente inscrita nos rexistros dun Consello Regulador poderá facer uso dos nomes protexidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións, Regulamento e Manual de Calidade (de ser o caso) salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.
b) Argumentación
Consideramos que para la utilización de los nombres protegidos, las personas físicas o jurídicas deben estar inscritas en los registros del Consejo Regulador. Además, se debe incluir Reglamento y Manual de Calidad, ya que en ellos también se recogen especificaciones sobre el uso de los nombres protegidos.

Contestación: Acéptase a alegación de forma parcial.

Para maior claridade incluirase a seguinte regulación:

Artigo 30. Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos
2. Calquera persoa física ou xurídica previamente inscrita nos rexistros da correspondente denominación xeográfica poderá facer uso dos nomes protexidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións, salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.

TÍTULO III. FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA DIFERENCIADA E PROMOCIÓN DE MARCAS DE GARANTÍA
CAPÍTULO V. ARTESANÍA ALIMENTARIA

20 ***Artigo 37. Réxime xurídico***
3. Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha denominación xeográfica de calidade coa que se puidesen confundir, a norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Argumentación
Desde este Consejo Regulador mostramos nuestras discrepancias a la realización de una norma técnica concreta para los vinos artesanos, ya que si se encuentran dentro de una denominación de origen deben cumplir los parámetros exigidos por dicha denominación.
De todos modos, la utilización del término "artesano" para referirse al vino puede tener carácter peyorativo, y generar desconfianza en el consumidor.

Contestación: Acéptase a alegación, tomándose en consideración para unha regulación futura do anexo I do Decreto 174/2019.

A regulación do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria permite que o viño sexa artesanal. Non obstante para facer efectiva esta previsión é preciso elaborar e aprobar unha norma técnica. A materialización desta posibilidade non é obxecto de actual debate.
Ademais o propio decreto de artesanía permite actualizar o anexo que regule esa facultade de que o viño poida ter unha natureza artesanal. A actualización do anexo pode producirse en calquera sentido. É dicir, pode implicar tanto a ampliación de produtos, como a súa eliminación, no sentido propugnado na alegación.

21 ***Artigo 38. Produtos artesáns de montaña e caseiros***

a) Argumentación
En este punto, argumentamos la misma cuestión expuesta en lo referente a "vinos artesanos".

Contestación: Acéptase a alegación. Co exposto no punto anterior queda contestada esta alegación.

TÍTULO III. FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA DIFERENCIADA E PROMOCIÓN DE MARCAS DE GARANTÍA
CAPÍTULO VII. OBRIGAS DAS PERSOAS OPERADORAS ALIMENTARIAS RELACIONADAS COA PRODUCIÓN, ELABORACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DAS FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE DIFERENCIADA

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

22 **a) Propuesta**
"producción, elaboración e comercialización" en los Artículos 43, 43.1) y 43.1.f)
b) Argumentación
Con el objeto de estar en consonancia con el encabezado del capítulo VII.

Contestación: Considérase axeitada a alegación.

Modifícase o enunciado do artigo 43, que queda redactado do seguinte xeito: "Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción, elaboración e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada".

No apartado 1 do artigo 43 tamén se inclúe a refernecia ao termo "elaboración".

Non obstante, esta referencia non se inclúe no artigo 43.1.f). porque resulta máis axeitada a mención do concepto "materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias", que se tiña definido previamente no artigo 4.bb).

23
Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:
f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control ou ensaio sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren, distribúan ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou materias e elementos para a produción e a comercialización que utilicen.

a) Proposta
Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:
f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control ou ~~ensaio~~ verificación da aptitude sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren, distribúan ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou materias e elementos para a produción, elaboración e a comercialización que utilicen.

b) Argumentación
Sustituir el concepto "ensaio" por el de "verificación da aptitude".

Contestación: Acéptase a alegación.

No tocante á inclusión na letra f) do artigo 43.1 da "verificación da aptitude" acéptase a alegación. Non obstante debe manterse tamén o termo de ensaio, porque é preciso para outras actuacións de control oficial, polo que o artigo 43.1.f) quedaría redactado do seguinte xeito:

"f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control, ensaio ou verificación de aptitude sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou outras materias e elementos para a produción e a comercialización que utilicen".

Nesta redacción final non se inclúe o termo "elaboración" porque resulta máis axeitado empregar o concepto de "materias e elementos para a produción e a comercialización", que se define no anteproxecto.

24 ***Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada***
1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:
m) Colaborar cos consellos reguladores e coas autoridades competentes achegando os datos da súa actividade necesarios para a elaboración das estatísticas e os estudos económicos da figura de protección da calidade diferenciada. Estes datos serán tratados de xeito confidencial e, de seren

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

publicados, o serán de forma agregada, para evitar dar información empresarial individual. As persoas operadoras están obrigadas a achegar datos fiables, presumíndose que o son os sustentados en declaracións fiscais.

a) Propuesta

Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada

1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:

m) Colaborar cos consellos reguladores e coas autoridades competentes achegando ~~os~~ datos ~~da súa actividade~~ necesarios para a elaboración das estatísticas e os estudos económicos da figura de protección da calidade diferenciada. Estes datos serán tratados de xeito confidencial e, de seren publicados, o serán de forma agregada, para evitar dar información empresarial individual. As persoas operadoras están obrigadas a achegar datos fiables, presumíndose que o son os sustentados en declaracións fiscais.

b) Argumentación

Proponemos eliminar "da súa actividade", con el objeto de al hablar de datos se defina la tipología de los mismos, ya que se trata de un artículo demasiado genérico.

Contestación: Rexéitase a alegación. Tal e como está redactado queda claro que se precisa a información para a elaboración de estadísticas. Non se encontra unha razón para cambiar a redacción orixinal, dado que de atenderse á alegación presentada o artigo aínda sería máis xenérico, polo que sería contraditorio coa argumentación aducida.

25 ***Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada***

1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:

i) Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, polo menos quince días antes da súa

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

posta en circulación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión.

a) Propuesta

Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada

1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:

i) Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, ~~polo menos quince días~~ antes da súa posta en circulación coa antelación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión.

b) Argumentación

En vez de indicar un plazo concreto (15 días) especificar "con antelación", ya que en numerosas ocasiones, y fundamentalmente por cuestiones comerciales (por ejemplo, un restyling o un porpara) el plazo puede ser inferior a esa fecha. Los operadores ya son conocedores de la necesidad de contar con una autorización previa para el uso de sus marcas comerciales, otorgada por el Consejo Regulador.

De todos modos, cabe recordar y con independencia de esta autorización, que según la legislación vigente en materia de etiquetado y, en particular, el artículo 30 del Decreto 158/2011, de 21 de julio, por el que se dictan normas de aplicación sobre los documentos que acompañan el transporte de productos vitivinícolas, los registros y las declaraciones de determinadas prácticas en el sector vitivinícola en la Comunidad Autónoma de Galicia, que "las etiquetas y demás elementos con los que se identifique el embotellado de los productos objeto del registro de embotellador de vinos y bebidas alcohólicas, serán responsabilidad de la persona embotelladora titular del registro que figure en ellas, y en el caso de embotellado por encargo la responsabilidad será solidaria".

Contestación: Acéptase a alegación.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo 43.1.i) redáctase do seguitne xeito:

"Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, con antelación á súa posta en circulación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión".

26 ***Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada***
2. Para poder comercializar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada.

a) Propuesta
Artigo 43. Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada
2. Para poder comercializar e/ou promocionar ou publicitar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada.
b) Argumentación
Proponemos incluir en esta definición, los términos "promocionar" y "publicitar".

Contestación: Acéptase a alegación.

Quedará redactado da seguinte forma:

"Para poder comercializar, promocionar ou publicitar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada sempre que a dita normativa recolla esa obriga para esas persoas operadoras. Así mesmo, deberán ter vixente o certificado

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de conformidade correspondente, agás que o produto xa estivese preparado para a comercialización con anterioridade á perda de vixencia e fose conforme coa normativa.".

TÍTULO IV. XESTIÓN E CONTROL DAS FIGURAS DE PROTECCIÓN DA CALIDADE DIFERENCIADA

CAPÍTULO II. XESTIÓN DAS DENOMINACIÓNS XEOGRÁFICAS E DA PRODUCIÓN

ECOLÓXICA A TRAVÉS DE CONSELLOS REGULADORES

27 ***Artigo 47. Natureza dos consellos reguladores***

a) Argumentación

Nos gustaría conocer la posibilidad de constitución de entes de naturaleza jurídica privada, que integren organizaciones representativas de un sector y se organicen como una interprofesional para difundir y promocionar los productos amparados por una Denominación de Origen

Contestación: Esta alegación non contén unha proposta concreta, pero será obxecto do debido análise.

28 ***Artigo 48. Requisitos dos consellos reguladores para actuar como entidades de xestión 1. Os consellos reguladores, para poder realizar actuacións como entidade de xestión de figuras de protección da calidade diferenciada, deberán cumprir os seguintes requisitos:***

c) Dispoñer dos medios persoais, técnicos e económicos adecuados para o desempeño das súas uncións e o cumprimento das súas obrigas. Estes medios deben incluír unha xerencia con solvencia profesional acreditada para o desempeño dos labores de xestión do consello regulador e de execución dos acordos do seu pleno así como das funcións de secretariado. Esta xerencia poderá ser compartida entre varios consellos reguladores que así o acorden. Ademais, de ser o caso, para poder actuar como órgano delegado para o control oficial, os consellos reguladores eben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017 relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Argumentación
En este sentido, es interesante que, al margen de las líneas de ayuda existentes, se creen otras adecuadas para que Consejos Reguladores más limitados económicamente puedan alcanzar la obligada gerencia que parece proponer la nueva ley. De tal manera que se comprometa la autoridad competente a subvencionar al menos el 75% del sueldo anual, durante los primeros 5 años. Creemos mucho menos intrusivo para el organigrama de los Consejos que esta figura sea directamente elegida por los representantes del Pleno y no impuesta por la Autoridad competente.

Contestación: Acéptase a alegación, no sentido de tomalo en consideración na redacción das bases reguladoras das subvencións.

A autoridade competente non está impoñendo a designación dunha xerencia concreta. Non hai imposición neste sentido. Únicamente perséguese con esta previsión unha profesionalización na organización dos consellos reguladores, pero sen interferencia nas designacións.
Respecto do outorgamento de subvencións, na actualidade xa existen liñas de axuda para o funcionamento dos consellos reguladores e que poden abranguer esta cuestión. Porén a norma que debe regular este asunto son as bases reguladoras correspondentes, non resultando axeitada unha norma con rango de lei para establecer tal previsión.

29 ***Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores***
c) Denunciar ante as autoridades competentes as irregularidades detectadas na produción e comercialización que afecten gravemente á figura de protección da calidade diferenciada e colaborar coas devanditas autoridades.

a) Propuesta
Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores
c) Denunciar ante as autoridades competentes as irregularidades detectadas na produción, elaboración, transformación e comercialización que afecten gravemente á figura de protección da calidade diferenciada e colaborar coas devanditas autoridades.
b) Argumentación
En consonancia co indicado con anterioridade, engadir estes dous conceptos, "elaboración" e "transformación" ao artigo.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

<u>Contestación</u>: Acéptase a alegación, incluíndo termo "elaboración", pero non o de "transformación", porque segundo a nova redacción do artigo 4.ii) son termos sinónimos.

30 ***Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores***
f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

a) Argumentación
En este sentido y si bien nos parece interesantísima la propuesta realizada, porque sólo se puede mirar al futuro con datos objetivos y una radiografía del presente, es importante que la autoridad competente tenga en cuenta que muy posiblemente muchos Consejos Reguladores no han realizado un estudio estratégico debido a una limitación económica. Por ello, interesamos que se creen líneas específicas de ayuda para contribuir al gasto de la contratación de un estudio de esas características.

<u>Contestación</u>: Acéptase a alegación, no sentido de tomala en consideración no momento de elaboración das bases reguladoras correspondentes.

Respecto do outorgamento de subvencións para a realización dun estudo estratéxico, na actualidade xa existen liñas de axuda para as actividades de información e promoción dos consellos reguladores, que inclúen a realización de estudos de mercado, e que poden abranguer esta cuestión. Porén a norma que debe regular este asunto son as bases reguladoras correspondentes, non resultando axeitada unha norma con rango de lei para establecer tal previsión. En consecuencia, valorarase incluír unha liña de axudas para o desenvolvemento destas funcións.

31 ***Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores***
h) Deseñar e presentar ante a consellería competente e con antelación suficiente ao seu inicio un plan de promoción anual ou pluriaanul da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, no que se detallen os obxectivos a perseguir no período ao que se refira e a estratexia e as

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

accións deseñadas para acadalos. Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria

a) Propuesta

Artigo 52. Obrigas dos consellos reguladores

h) Deseñar presentar ante a consellería competente e con antelación suficiente ao seu inicio un plan de promoción anual ou ~~pluriaanul~~ plurianual da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, no que se detallen os obxectivos a perseguir no período ao que se refira e a estratexia e as accións deseñadas para acadalos. Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

b) Argumentación

Es necesario aclarar si la realización de este plan interferirá en la actuación de los Consejos Reguladores, a la hora de realizar acciones promocionales propias, y limitará la libertad e independencia actual a la hora de ejecutarlas (independientemente de las realizadas conjuntamente con AGACAL).

Contestación: Acéptase a alegación.

Acéptase a corrección do erro no termo 'plurianual'

No tocante á promoción, o artigo 9.2 do anteproxecto regula unha función esencial de promoción de que dispón a AGACAL da seguinte forma: "No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia". Esta función non se pode obviar.

Se prexuízo disto os consellos reguladores dispoñen dunha importante función de promoción e reciben subvencións da Administración para o seu desenvolvemento.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O artigo 52.3.c) do anteproxecto xa recolle esta función de xestión dos consellos reguladores da seguinte forma:
"c) Realizar actividades promocionais no marco do correspondente plan de promoción, informando ás persoas consumidoras sobre o produto e, en particular, sobre as súas características específicas de calidade".
Non obstante o anterior, non se pode obviar que a meirande parte das contías que invirten en promoción os consellos reguladores proceden de fondos públicos.

TÍTULO VI. CONTROL OFICIAL
CAPÍTULO I. CONTROL OFICIAL DA CALIDADE DOS ALIMENTOS
32 ***Artigo 67. Control oficial***
2. Este título aplicarase a todas as actuacións de control que, en materia de calidade e conformidade dos produtos alimentarios, se realicen nas etapas de produción, transformación, transporte e comercialización dos ditos produtos e das materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

a) Propuesta
Artigo 67. Control oficial
2. Este título aplicarase a todas as actuacións de control que, en materia de calidade e conformidade dos produtos alimentarios, se realicen nas etapas de produción, transformación, transporte, elaboración, distribución e comercialización dos ditos produtos e das materias e elementos para a produción, elaboración e comercialización alimentarias que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
b) Argumentación
Añadir los términos "elaboración" y "distribución".

Contestación: Acéptase a alegación.

Modifícase o artigo 4.ii) para incluír dentro do termo "transformación (alimentaria) ambos termos de 'elaboración' e 'transformación', que son sinónimos.
Algo similar sucede cos termos 'distribución' e 'comercialización', dado que a distribución constitúe unha forma de comercialización conforme se recolle na definición da letra l) do artigo 4 do anteproxecto.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

TÍTULO VI. CONTROL OFICIAL
CAPÍTULO II. TOMA DE MOSTRAS PARA O CONTROL DA CALIDAD FISICO-QUIMICA
33 **Artigo 74. Métodos de analise e laboratorios**
Os métodos de análise, ensaio e diagnóstico de laboratorio deben cumprir a normativa da Unión Europea. No seu defecto, e en función da súa idoneidade para as súas necesidades específicas de análise, ensaio e diagnóstico, os laboratorios empregarán un dos seguintes métodos:

a) Propuesta
Artigo 74. Métodos de analise e laboratorios
Os métodos de análise, ensaio físico químico e diagnóstico de laboratorio deben cumprir a normativa da Unión Europea. No seu defecto, e en función da súa idoneidade para as súas necesidades específicas de análise, ensaio e diagnóstico, os laboratorios empregarán un dos seguintes métodos:
b) Argumentación
Especificar las características de dichos ensayos.

Contestación: Rexéitase a alegación.

A concreción que se propón sobre o tipo de ensaio que abrangue o artigo non mingua a esixencia de cumplir a normativa europea. Esta é unha esixencia xeral, polo que non se atopa argumentación ningunha que sustente esta inclusión.

TÍTULO VII. INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR
CAPÍTULO I. INSPECCIÓN
34 ***Artigo 89. Función inspectora***
3. A actuación inspectora levarase a cabo:
a) Propuesta
g) Por petición de un Consejo Regulador, cuando detecte una no conformidad grave o muy grave que pueda ser constitutiva de infracción.
b) Argumentación
Incluir este aspecto, entre los supuestos que contempla la Ley a la hora de desarrollar una actuación de control o inspección por parte de la administración autonómica.

Contestación: Acéptase a alegación

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Inclúese a proposta no parágrafo d) do artigo 89.3, que queda redactado da seguinte forma:

"d) Por petición razoada doutros órganos administrativos ou dun consello regulador".

17.- CSIF

En relación co art 93 do Anteproxecto da Lei da calidade alimentaria de Galicia, no senso seguinte:
Recóllese no apartado 1 do devandito artigo a consideración de Axente da Autoridade do persoal dos consellos reguladores que estea habilitado pola Consellería correspondente, verbo da natureza do produto protexido pola denominación e realice funcións de inspección e control.
Ademais con esta condición recóllese que pode solicitar axuda das Forzas e Corpos de Seguridade.
Pola súa banda, o apartado 3 recolle que as funcións inspectoras son realizadas, ademais do persoal da propia Consellería, pola persoal inspector dos consellos reguladores.

— A vista do recollido no texto obxecto de análise, vemos a formular alegación con carácter de impugnación, instando a eliminación da consideración de axente da autoridade do persoal dos consellos reguladores. En tanto que non teñen a consideración de funcionario e non se presume (por recollerse en normativa básica e interpretacións xurisprudenciais) que serven con obxectividade as encomendas propias dos intereses públicos.
De aí que choque directamente cos principios constitucionais recollidos no art. 103 da Carta Magna.
Doutra banda, mencionar que a Consellería NON pode habilitar tal condición sen ser funcionario público (salvo en circunstancias excepcionais e urxentes).

Contestación: Acéptase a alegación

Os consellos reguladores dispoñen dunha facultade de control delegado, habilitado pola normativa europea, que ten a consideración de control oficial.

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 999/2001, (CE) nº 396/2005, (CE) nº 1069/2009, (CE) nº 1107/2009, (UE) nº 1151/2012, (UE) nº 652/2014, (UE) 2016/429 e (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, os Regulamentos (CE) nº 1/2005 e (CE) nº 1099/2009 do Consello, e as Directivas 98/58/CE, 1999/ 74/CE, 2007/43/CE, 2008/119/CE e 2008/120/CE do Consello, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 854/2004 e (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, as Directivas 89/608/CEE, 89/662/CEE, 90/425/CEE, 91/496/CEE, 96/23/CE, 96/93/CE e 97/78/CE do Consello e a Decisión 92/438/CEE do Consello (Regulamento sobre controis oficiais) lles outorga esa función de control oficial.

Non proxecto de Real Decreto relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos, pensos e denominacións de orixe e indicacións xeográficas de viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas, e das normas de saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios, que está agora en tramitación e que ten carácter de básico regúlase o dito control oficial.

Tendo en conta esta normativa, acéptase a alegación e no proxecto de lei contémplase a función de control oficial por parte do persoal habilitado dos consellos reguladores e suprímese a súa consideración de axente da autoridade.

18.- CONSELLO REGULADOR DE AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA:

Solicitamos que se considere ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, CRAEGA, como autoridade de control en materia de produción ecolóxica (autoridade de control ecolóxico) na futura Lei da calidade alimentaria de Galicia.

Este recoñecemento fundamentámolo en que, segundo se detalla no anexo ao Regulamento de Funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de Galicia), no artigo 1º Naturaleza Xurídica do Craega, no punto 1 "O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, Craega, creado mediante a Orde do 7 de maio de 1997, constitúese, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins."

Exemplos de autoridades de control da produción ecolóxica, constituídas como corporacións de dereito público temos, entre outras, as do COPAE en Asturias, o CCPAE en Cataluña, o CAECV na Comunidade Valenciana e o CAECyL en Castela e León:
Ley del Principado de Asturias 2/2019, de 1 de marzo, de calidad alimentaria, calidad diferenciada y venta directa de productos alimentarios (BOPA núm 47 de 08/03/2019)", no seu capítulo IV, artigo.

Na "Ley 2/2014, de 27 de enero, de medidas financieras y del sector público de Cataluña, BOE de 21/03/2014" no artigo 182

Na "Orden 30/2010, de 3 de agosto de 2010 de la Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación, por la que se aprueba el texto del Reglamento sobre producción y etiquetado de los productos ecológicos y del comite dÁgricutlura Ecológica de la Comunitat Valenciana" publicado o 20/08/2010 no Diari Oficial de la Comunitat Valenciana,

AYG/452/2013 de 29 de mayo, por la que se aprueba el Reglamento Regulador de la Producción Agraria Ecológica y su indicación sobre los productos agrarios y alimenticios y del Consejo de Agricultura Ecológica de la Comunidad de Castilla y Leon", no seu artigo 3.

Finalmente, indicar que noRegulamento Europeo de controis oficiais, 2017/625, do 15 de marzo de 2017 no seu artigo 3.

Contestación: Acéptase a alegación.

Efectúase a seguinte redacción dos artigos 46 e 47:

Artigo 46. *Xestión a través da Administración competente en materia de calidade alimentaria*

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

1. A xestión das figuras de protección da calidade diferenciada ás que se refire este título realizaraa a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate. No caso das denominacións xeográficas relativas aos produtos agroalimentarios e no da produción ecolóxica e o da artesanía alimentaria, estas funcións da consellería competente en materia de agricultura exerceranse a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

2. No caso das denominacións xeográficas de calidade, a consellería competente en razón da natureza do produto poderá delegar estas funcións en consellos reguladores, constituídos de conformidade co disposto no Capítulo II do Titulo IV.

3. Para o caso da produción ecolóxica, a consellería competente en materia de agricultura delegará a xestión desta figura de protección da calidade diferenciada no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica, que deberá constituírse de conformidade co disposto no Capítulo II do Título IV.

CAPÍTULO II

Xestión das denominacións xeográficas e da produción ecolóxica a través de consellos reguladores

Artigo 47. *Natureza dos consellos reguladores*

1. Os consellos reguladores terán personalidade xurídica propia baixo a forma de corporacións de dereito público e gozarán de autonomía financeira e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, excepto cando exerzan potestades públicas, situación na que se rexerán polo dereito administrativo.

2. No caso das denominacións xeográficas de calidade, un mesmo consello regulador poderá realizar a xestión de dúas ou máis destas figuras de protección da calidade diferenciada.

3. Os consellos reguladores autorizados como entidades de xestión poderán exercer tamén actividades de control da figura de protección da calidade diferenciada que se trate actuando como organismos delegados, de acordo co establecido no Capítulo III do Título VI. No caso da produción

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

ecolóxica, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia actuará como autoridade de control ecolóxico, de conformidade co establecido nos regulamentos do Parlamento Europeo e do Consello 2017/625 do 15 de marzo de 2017 e 2018/848 de 30 de maio de 2018.

4. Nos consellos reguladores estarán representadas as persoas operadoras alimentarias inscritas nos seus rexistros.

5. Os consellos reguladores poderán participar ou relacionarse con toda clase de asociacións, fundacións, sociedades civís ou mercantís, agrupacións de produtores, organizacións interprofesionais, así como coas Administracións Públicas, establecendo os oportunos acordos ou convenios de colaboración.

Igualmente, para o desenvolvemento das súas actividades os consellos reguladores poderán colaborar entre si ou asociarse con terceiros mediante a integración en entidades asociativas de nivel superior.

19.- ASOCIACIÓN AGRARIA DE GALICIA (AGA)

Que segundo se indica na redacción do artigo 12 do borrador do anteproxecto da lei da calidade alimentaria de Galicia crease o Consello Alimentario de Galicia definindo no punto 3 a composición do mesmo, entre outros mencionase como membros as organizacións profesionais agrarias. A vista de este texto e en aras de ser coherentes con tódalas entidades que poden formar parte como representantes dos produtores individuais nos consellos reguladores, propoñemos que se inclúa a redacción seguinte:
Artigo 12, punto 3: .....as organizacións profesionais agrarias e as asociacións de produtores que teñan obtido a lo menos 10 vocais en representación dos produtores non asociados a cooperativas no conxunto dos consellos reguladores nos que se celebraron os últimos procesos electorais.

Contestación: Acéptase a alegación.

O artigo 12.3, que regula a composición do Consello Alimentario de Galicia, que da redactado da seguinte forma, de conformidade coas alegacións presentadas:

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

”3. O Consello Alimentario de Galicia estará integrado por unha presidenta ou presidente, unha vicepresidenta ou vicepresidente e un número máximo de vinte e cinco vogais, que representarán ás administracións públicas con competencias en materia alimentaria, o Clúster Alimentario de Galicia, ás universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia e as organizacións máis representativas da industria alimentaria, da distribución, dos consumidores, as cooperativas alimentarias, as entidades de xestión das figuras de protección da calidade diferenciada, as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de produtores con maior representatividade no conxunto dos consellos reguladores, as organizacións de produtores pesqueiros e confrarías de pescadores, os grupos de desenvolvemento rural e aquelas institucións públicas ou privadas que se determinen regulamentariamente”.

José Luis Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
(documento asinado electronicamente)

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 23/06/2022 11:03:18

CVE: wARI2E2hjvt0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve